



Centro de Saúde de O Porriño ( Axencia Galega da Industria Forestal)

A CADEA FORESTAL- MADEIRA DE GALICIA

2022-2023\*

## CONTIDO

PRESENTACIÓN E OBXECTIVOS _____	2
APROVEITAMENTOS FORESTAIS _____	4
ANALISE CUANTITATIVA DAS CORTAS DE MADEIRA _____	4
ANÁLISE DOS APROVEITAMENTOS SEGUNDO O GRAO DE URBANIZACIÓN DO TERRITORIO _____	14
ANALISE XEOGRAFICA DAS CORTAS DE MADEIRA _____	16
ANÁLISE TEMPORAL DAS SOLICITUDES DE APROVEITAMENTO 2022-2023*. _____	32
ANÁLISE DAS PERSOAS SOLICITANTES DE APROVEITAMENTOS FORESTAIS _____	35
ANÁLISE DAS SOLICITUDES DE CORTA ANUAIS SEGUNDO O MADEIRISTA _____	37
APROXIMACION AO VALOR DAS MASAS ARBORIZADAS GALEGAS _____	40
INDUSTRIA FORESTAL – MADEIRA _____	43
FACTURACION DA CADEA PRINCIPAL DE VALOR FORESTAL-MADEIRA _____	44
O INDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL COMO INDICADOR DE ACTIVIDADE _____	45
EMPREGO _____	49
COMERCIO EXTERIOR _____	52
NOTAS SOBRE MERCADO DOS PRODUTOS FORESTAIS 2022-2023* _____	54
ASPECTOS XERAIS _____	54
MADEIRA ASERRADA DE CONIFERAS _____	55
MADEIRA ASERRADA DE FRONDOSAS _____	57
TABOLEIRO _____	58
CELULOSA E PAPEL _____	59
BIOENERXÍA / BIOMASA _____	61
ÍNDICE DE TÁBOAS _____	65
ÍNDICE DE FIGURAS _____	66
Información de contacto _____	68

## PRESENTACIÓN E OBXECTIVOS

A industria forestal-madeira en Galicia é un sector económico importante, que proporciona emprego, contribúe ao crecemento económico e xera ingresos a través da produción e comercialización de produtos forestais e transformados de madeira. Contar con informes periódicos que analicen os principais resultados económicos do sector é fundamental para o desenvolvemento e a sustentabilidade da industria forestal.

A Axenda de Impulso da Industria Forestal, promovida pola Axencia da Industria Forestal en 2019 e revisada no ano 2022, ten por obxectivo afrontar o desafío da sociedade empregando o potencial da industria forestal e, ao mesmo tempo, modernizar a industria forestal a través das demandas da sociedade.

Este documento inclúe na súa Ruta 2: Ecosistema de innovación ao servizo do sector inclúe a acción 2.4.1 Desenvolvemento de informes sectoriais periódicos.


O desenvolvemento de informes periódicos, de xeito complementario aos datos fornecidos polos plans estatísticos oficiais, con fontes suficientemente actualizadas sobre a evolución dos recursos forestais, as caracterizacións subsectoriais, os consumos de madeira, e as posibilidades de subministración en termos económicos de madeira, permitirían a caracterización e a elaboración de diagnósticos adecuados e axudarían na toma de decisións tanto no ámbito empresarial como no ámbito público e a identificar oportunidades de crecemento e mellora no sector. Ademais, os informes periódicos sobre o sector forestal poden proporcionar información valiosa para tomar decisións estratéxicas e planificar o desenvolvemento da industria. Por exemplo, poden servir para identificar posibles barreiras e retos aos que se enfrenta o sector e para desenvolver estratexias para superalos. Por outra banda, poden contribuír á transparencia e á rendición de contas no sector. Os datos e estatísticas recollidos nos informes poden ser utilizados por diferentes axentes, como goberno, empresas, investigadores e organizacións, para desenvolver os seus propios diagnósticos ou avaliar o impacto das políticas e programas implantados no sector.

A devandita acción da Axenda de Impulso contempla a xeración dun informe anual estable. Esta é a función do presente documento.

Desde o punto de vista metodolóxico, coa finalidade de prover unha información co maior grao de actualización e, nos casos máis específicos non contemplados nos Plans Estatísticos Oficiais, estimacións cun grao de precisión suficiente, traballouse con fontes diversas de información como estatísticas oficiais, rexistros administrativos, enquisas directas a axentes económicos, informes sectoriais e resultados de traballos de investigación. En cada un dos epígrafes, táboas ou gráficos incluídos no presente traballo indícanse a fonte ou fontes dos datos.

### Nota Importante:

Os datos do presente informe corresponden a 2022 salvo que se indique expresamente outra cousa.  
Todas as referencias que leven 2023\* son provisionais e debe terse en conta que corresponden á data do peche do presente traballo 31/10/2023



Corta en Monte Narla. Friol, Lugo. (Fondo Documental do Monte Galego)

# APROVEITAMENTOS FORESTAIS

**APROVEITAMENTOS FORESTAIS**
**ANALISE CUANTITATIVA DAS CORTAS DE MADEIRA**
**Táboa 1 Galicia: Resumo de aproveitamentos Forestais 2022 e 2023\***

	2023 (**)	2022	Desv. (%)
<b>APROVEITAMENTOS MADEIREIROS EN MONTES DE XESTIÓN PRIVADA</b>			
Nº expedientes	40.144	58.944	-31,89%
Nº declaracións responsables	27.414	41.152	-33,38%
Nº expedientes con afección	16.223	22.265	-27,14%
Volume	7.297.610,59 m3	10.766.421,10 m3	-32,22%
Volume medio expediente	126,14 m3	126,72 m3	-0,46%
Volumes por Declaración Responsable	4.574.441,16 m3	7.012.364,78 m3	-34,77%
Superficie	28.018,53 ha	42.711,61 ha	-34,40%
Superficie media expediente	0,73 ha	0,75 ha	-2,67%
Nº referencias catastrais	61.614	89.893	-31,46%
<b>APROVEITAMENTOS MADEIREIROS EN MONTES EN XESTIÓN POLA XUNTA DE GALICIA</b>			
Nº expedientes	227	184	23,37%
Volume	480.976,70 m3	259.128,08 m3	85,61%
Volume medio expediente	1.541,59 m3	932,12 m3	65,39%
Madeira certificada	342.518,87 m3	200.471,38 m3	70,86%
Superficie	3.751,29 ha	2.871,10 ha	30,66%
Superficie media expediente	16,53 ha	15,60 ha	5,91%
Prezo medio adjudicación por expediente	51.578,29 €	53.775,25 €	-4,09%
Prezos medios adjudicación en subastas públicas	45,75 €	46,69 €	-2,01%
<b>APROVEITAMENTOS MADEIREIROS TOTAIS EN GALICIA</b>			
Volumes	7.778.587,29 m3	11.025.549,18 m3	-29,45%
Superficie	31.769,82 ha	45.582,71 ha	-30,30%

Datos 2023 a 31/10

En Galicia, no ano 2022, leváronse a cabo aproveitamentos de madeira cun volume total de máis de 11 millóns de metros cúbicos (11.025.549,18 m<sup>3</sup>). Isto representa a cantidade anual máis alta rexistrada nunca. Máis de 10,7 millóns de metros cúbicos (97,6%) correspóndense con solicitudes de corta en montes de xestión privada, mentres que algo máis de douscentos cincuenta mil metros cúbicos son aproveitamentos madeireiros en montes de xestión pública pola Xunta de Galicia.

A superficie media dos 184 expedientes de corta en montes de xestión pública supera lixeiramente as 15 hectáreas, e o volume de cada expediente é lixeiramente inferior a mil metros cúbicos. As cortas en montes de xestión privada posúen unha superficie media de 0,75 hectáreas e un volume medio de aproximadamente 127 metros cúbicos. As cortas en montes de xestión privada representan preto de 59 mil expedientes, dos cales 41 mil son declaracións responsables. Entre estes expedientes, 22 mil presentan algún tipo de afección legal sectorial.

Considerando a evolución dos aproveitamentos totais desde 2015, pódese apreciar que a tendencia foi ascendente ata o ano 2022, agás no ano 2020. Aínda con datos provisionais do ano 2023 (á data do 31 de outubro), semella indicar que, por primeira vez en 2023, o volume de cortas anuais podería cambiar a tendencia, experimentando un descanso significativo con respecto ao ano anterior.

Os aproveitamentos nos montes de xestión pública experimentan un aumento notable con respecto aos tres últimos anos, alcanzando aínda en datos provisionais de 2023 o valor máis alto dende 2015 e rozando de novo o limiar do medio millón de metros cúbicos.

Figura 1 Evolución anual aproveitamentos totais (m<sup>3</sup>)






Figura 2 Evolución anual aproveitamentos en montes de xestión pública (m<sup>3</sup>)



**Figura 3 Evolución anual aproveitamentos en montes de xestión privada (m<sup>3</sup>)**

**Táboa 2 Galicia: Total cortas 2022 por especie e distrito forestal (m<sup>3</sup>)**

	Pinus pinaster	Pinus radiata	Pinus sylvestris	Outras / Mistura Coníferas	Eucalyptus spp	Fronzosas caducifolias	Outras fronzosas non caducifolias	Outras	TOTAL
I-Ferrol	56.772,29	52.005,88	486,54	5.745,94	951.859,94	9.112,47	425,95	21,35	1.076.430,36
II-Bergantiños - Mariñas Coruñesas	252.605,73	53.300,06	289,18	7.625,19	981.562,02	19.932,56	1.240,20	11,77	1.316.566,71
III-Santiago - Meseta Interior	181.144,69	75.662,97	101,65	13.522,50	1.137.129,78	25.247,15	1.083,06	8,35	1.433.900,15
IV-Barbanza	150.099,77	24.483,39	76,30	908,43	232.903,91	5.158,99	1.228,92	13,31	414.873,02
V-Fisterra	165.504,87	23.342,83	4,71	526,81	333.080,80	4.421,73	2.396,53	4,06	529.282,34
VI-A Mariña Lucense	71.255,81	156.245,87	25.034,92	1.063,53	1.000.206,45	6.735,02	2.089,01	9,35	1.262.639,96
VII-Fonsagrada - Os Ancares	13.904,52	244.524,09	66.911,37	6.248,25	76.656,38	12.274,12	1,30	4,36	420.524,39
VIII-Terra de Lemos	276.368,68	256.625,97	74.688,56	46.702,23	16.831,40	20.481,28	1.218,42	1,50	692.918,04
IX-Lugo - Sarria	85.246,56	623.583,22	4.021,04	4.940,46	338.156,26	65.087,50	5,90	12,80	1.121.053,74
X-Terra Cha	56.719,12	383.247,17	3.556,80	7.432,48	412.006,73	33.926,10	196,43	2,24	897.087,07
XI-O Ribeiro - Arenteiro	93.855,15	2.660,63	717,31	5.132,23	49.802,93	6.590,44	92,89	-	158.851,58
XII-Miño - Amoia	98.937,58	5.215,20	888,12	1.094,90	4.157,59	15.707,49	34,18	6,74	126.041,80
XIII-Valdeorras - Trives	18.886,12	557,40	14.506,28	1.231,02	38,10	11.765,13	318,25	5,30	47.307,60
XIV-Verín - Viana	69.733,70	4.514,82	14.637,70	483,23	3.928,96	9.809,62	18,66	324,62	103.451,31
XV-A limia	28.715,69	6.228,83	15.028,79	737,15	10.352,65	8.907,67	128,00	2,50	70.101,28
XVI-Deza - Tabeirós	225.117,85	35.980,00	68,20	3.520,59	111.522,28	16.979,76	104,61	-	393.293,29
XVII-O Condado - A Paradanta	65.385,95	2.611,89	84,63	1.624,51	86.575,31	1.293,75	635,31	20,00	158.231,35
XVIII-Vigo - Baixo Miño	126.897,21	15.876,43	628,40	647,07	143.467,08	3.030,40	2.034,74	20,05	292.601,38
XIX-Caldas - O Salmés	141.696,99	16.266,25	587,10	1.359,43	340.291,02	4.883,37	5.289,95	19,70	510.393,81
TOTAL	2.178.848,28	1.982.932,90	222.317,60	110.545,95	6.230.529,59	281.344,55	18.542,31	488,00	11.025.549,18

Analizando o total de cortas do ano 2022 por especies e grupos de especies, observamos que as cortas correspondentes aos eucaliptos superan os 6,2 millóns de metros cúbicos, mentres que as das coníferas, no seu conxunto, non alcanzan os 4,5 millóns de metros cúbicos. O resto das especies, incluíndo as fronzosas caducifolias, sitúase aproximadamente nos 300.000 metros cúbicos.

En canto á distribución por distritos forestais, destaca que, en 2022, cinco distritos forestais, tres da provincia da Coruña e dous da provincia de Lugo, superaron o millón de metros cúbicos de corta. O distrito con maior número de aproveitamentos solicitados é o distrito III - Santiago Meseta Interior, seguido do distrito forestal II - Bergantiños Mariñas Coruñesas, o distrito forestal VI- A Mariña Lucense, o distrito forestal IX - Lugo Sarria e o distrito forestal I -Ferrol. Hai dous distritos que superan o millón de metros cúbicos de madeira de eucalipto: III - Santiago Meseta Interior, e VI - A Mariña Lucense, e outros dous que quedan moi preto dese número: II - Bergantiños Mariñas Coruñesas e I - Ferrol. En coníferas, destaca o distrito Lugo Sarria con máis de 600.000 m<sup>3</sup> de *Pinus radiata*, seguido por Terra de Lemos, que alcanzaría

esa cifra considerando conxuntamente *Pinus radiata*, *Pinus pinaster* e *Pinus sylvestris*. Hai que ter en conta que, neste último caso, estas cifras están moi influenciadas pola tramitación das primeiras cortas dos montes afectados polos incendios de xullo de 2022 en O Caurel. No que respecta ás frondosas caducifolias, tamén sobresaie o distrito IX - Lugo Sarria, con máis de metros cúbicos de corta.

A pesar da escasa proporción (2,4%) que representan, en xeral, as cortas públicas dentro do total de cortas, é necesario destacar que para algúns distritos e algunhas especies iso non é así. En particular, as cortas públicas representan máis do 30% do total de cortas en 3 distritos da provincia de Ourense XIII - Valdeorras-Trives (32%), XIV - Verín-Viana (35%) e XV - A Limia (41%). Tamén destaca o distrito VIII - Terra de Lemos cun 16,9%, aínda que neste caso os datos de 2022 están influenciados polas poxas de lotes afectados polos incendios de O Caurel. Por outra banda, tamén é notable o caso do piñeiro para o conxunto de Galicia, cuxas cortas en montes de xestión pública representan tamén o 30% do total. Polo contrario, no caso do eucalipto, as cortas en montes de xestión pública supoñen só o 0,2% do total das cortas de esta especie.

**Táboa 3 Galicia: Porcentaxe cortas xestión pública sobre o total por especie e distrito 2022 (m<sup>3</sup>)**

	Pinus pinaster	Pinus radiata	Pinus sylvestris	Outras / Mistura Coníferas	Eucalyptus spp	Frondosas caducifolias	Outras frondosas non caducifolias	Outras	TOTAL
I-Ferrol	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%
II-Bergantiños - Mariñas Coruñesas	0,2%	5,9%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,3%
III-Santiago - Meseta Interior	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,1%	0,3%	0,0%	11,4%	0,1%
IV-Barbanza	3,0%	4,6%	0,0%	0,0%	2,2%	0,0%	2,1%	0,0%	2,6%
V-Fisterra	0,2%	3,8%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,3%
VI-A Mariña Lucense	0,4%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%
VII-Fonsagrada - Os Ancares	0,0%	0,3%	0,5%	0,0%	0,0%	0,1%	0,0%	0,0%	0,3%
VIII-Terra de Lemos	9,8%	6,5%	49,6%	77,3%	0,0%	0,5%	0,0%	0,0%	16,9%
IX-Lugo - Sarria	0,4%	2,1%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	1,2%
X-Terra Cha	0,0%	0,2%	0,0%	1,1%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,1%
XI-O Ribeiro - Arenteiro	5,0%	0,0%	0,0%	93,9%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	6,0%
XII-Miño - Arnoia	1,6%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	1,3%
XIII-Valdeorras - Trives	47,1%	0,0%	43,2%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	32,0%
XIV-Verín - Viana	36,1%	7,6%	73,1%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	35,0%
XV-A Limia	46,5%	40,5%	84,5%	0,0%	1,5%	0,0%	0,0%	0,0%	41,0%
XVI-Deza - Tabeirós	0,5%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,3%
XVII-O Condado - A Paradanta	2,6%	0,0%	0,0%	0,0%	0,4%	0,0%	0,0%	0,0%	1,3%
XVIII-Vigo - Baixo Miño	4,8%	0,0%	0,0%	0,0%	0,3%	0,0%	1,2%	0,0%	2,2%
XIX-Caldas - O Salmés	2,8%	0,8%	0,0%	0,0%	1,0%	0,1%	1,1%	0,0%	1,5%
<b>TOTAL</b>	<b>4,6%</b>	<b>2,0%</b>	<b>30,2%</b>	<b>37,1%</b>	<b>0,2%</b>	<b>0,1%</b>	<b>0,6%</b>	<b>0,2%</b>	<b>2,4%</b>

Como xa se mencionou, as cortas na xestión pública duplicáronse no 2023 en comparación co 2022, a pesar de que os datos do primeiro aínda só están computados ata o 31/10/2023. Destacan os aumentos en *Pinus radiata* (+317%), especialmente debido aos lotes correspondentes aos distritos VII - Fonsagrada-Ancares, X - Terra Cha, IX - Lugo-Sarria e VIII - Terra de Lemos, e en *Pinus sylvestris* (+156%), especialmente nos distritos XIV - Verín-Viana e VIII - Terra de Lemos.

No referente ás cortas privadas, ao revisar e comparar os datos provisionais do 2023 -computados ata o 31/10/2023- cos do ano 2022, aínda faltando aproximadamente unha sexta parte do ano (algo menos do 20%), obsérvase en xeral un menor ritmo de cortas. En canto ás especies, isto é significativo no eucalipto (-27%) e nas tres especies principais de piñeiro: *P. radiata*, *P. pinaster* e *P. sylvestris*, coas cortas neste momento un 40% inferiores ás do ano 2022. Por distritos, tamén destacan as baixas en II Bergantiños Mariñas Coruñesas (-33%), Santiago Meseta Interior (-40%), Mariña Lucense (-38%), IX - Lugo Sarria (-44%) e X-Terra Cha (-34%).

Analizando a evolución das cortas privadas por distrito forestal dende o ano 2018, pódese observar que certos distritos forestais como o III - Santiago Meseta Interior ou o VII - Fonsagrada-Ancares experimentan aumentos sostidos, mentres que, polo contrario, outros distritos que tradicionalmente tiñan importancia nos volumes aproveitados, como Ferrol ou o VI - A Mariña Lucense, mostran unha tendencia á baixa. O caso do Distrito Terra de Lemos no período 2021-2022 debeuse ás cortas provocadas polos incendios de Ribas de Sil (2021) e O Caurel (2022).



**Táboa 4 Galicia: Cortas xestión pública 2022 por especie e distrito forestal (m<sup>3</sup>)**

	Pinus pinaster	Pinus radiata	Pinus sylvestris	Outras / Mistura Coníferas	Eucalyptus spp	Fronzosas caducifolias	Outras fronzosas non caducifolias	Outras	TOTAL
I-Ferrol	-	-	-	-	-	-	-	-	-
II-Bergantiños - Mariñas Coruñesas	396,00	3.138,30	-	-	464,76	-	-	-	3.999,06
III-Santiago - Meseta Interior	42,83	-	-	-	1.194,93	76,38	-	0,95	1.315,09
IV-Barbanza	4.487,39	1.127,38	-	-	5.130,59	-	25,20	-	10.770,56
V-Fisterra	354,20	880,00	-	-	121,00	-	-	-	1.355,20
VI-A Mariña Lucense	274,41	-	-	-	36,26	-	-	-	310,67
VII-Fonsagrada - Os Ancares	-	783,08	342,20	-	-	10,71	-	-	1.135,99
VIII-Terra de Lemos	27.200,47	16.615,12	37.066,09	36.085,93	-	108,99	-	-	117.076,60
IX-Lugo - Sarria	336,39	13.242,31	-	-	-	-	-	-	13.578,70
X-Terra Cha	-	839,85	-	79,88	-	-	-	-	919,73
XI-O Ribeiro - Arenteiro	4.664,18	-	-	4.816,70	11,68	-	-	-	9.492,56
XII-Miño - Arnoia	1.628,63	-	-	-	-	-	-	-	1.628,63
XIII-Valdeorras - Trives	8.890,06	-	6.270,00	-	-	-	-	-	15.160,06
XIV-Verín - Viana	25.203,95	341,78	10.698,23	-	-	-	-	-	36.243,96
XV-A limia	13.342,33	2.524,18	12.698,30	-	156,18	-	-	-	28.720,99
XVI-Deza - Tabeirós	1.099,99	-	-	-	-	-	-	-	1.099,99
XVII-O Condado - A Paradanta	1.715,54	-	-	-	330,00	-	-	-	2.045,54
XVIII-Vigo - Baixo Miño	6.057,51	-	-	-	413,48	-	24,61	-	6.495,60
XIX-Caldas - O Salnés	4.025,76	129,24	-	-	3.558,95	7,18	58,02	-	7.779,15
<b>TOTAL</b>	<b>99.719,64</b>	<b>39.621,24</b>	<b>67.074,82</b>	<b>40.982,51</b>	<b>11.417,83</b>	<b>203,26</b>	<b>107,83</b>	<b>0,95</b>	<b>259.128,08</b>

Fonte: Sistema de indicadores da administración dixital. Consellería do Medio Rural no ano 2022

**Táboa 5 Galicia: Cortas xestión pública 2023\* por especie e distrito forestal (m<sup>3</sup>)**

	Pinus pinaster	Pinus radiata	Pinus sylvestris	Outras / Mistura Coníferas	Eucalyptus spp	Fronzosas caducifolias	Outras fronzosas non caducifolias	Outras	TOTAL
I-Ferrol	7.880,90	9.552,36	66,69	-	588,97	-	-	-	18.088,92
II-Bergantiños - Mariñas Coruñesas	429,93	2.643,00	-	-	162,60	-	-	-	3.235,53
III-Santiago - Meseta Interior	-	-	-	-	935,00	-	-	-	935,00
IV-Barbanza	6.523,44	627,50	-	-	11.006,03	-	146,24	-	18.303,21
V-Fisterra	2,31	726,00	-	-	-	-	-	-	728,31
VI-a Mariña Lucense	-	-	-	-	-	-	-	-	-
VII- Fonsagrada - Os Ancares	89,61	40.216,01	4.452,09	-	-	-	-	-	44.757,71
VIII-Terra de Lemos	12.653,22	32.293,90	61.954,90	12.355,13	-	6,00	-	-	119.263,15
IX-Lugo - Sarria	2.205,04	36.461,72	9.166,82	-	203,18	330,00	-	-	48.366,76
X-Terra Cha	2.267,84	32.535,87	-	-	-	-	-	-	34.803,71
XI-O Ribeiro - Arenteiro	18.591,34	-	-	2.800,60	2,71	-	-	-	21.394,65
XII-Miño - Arnoia	49,66	-	-	-	-	-	-	-	49,66
XIII-Valdeorras - Trives	11.809,93	3.243,64	7.133,41	-	-	-	-	-	22.186,98
XIV-Verín - Viana	30.075,21	-	90.100,77	-	200,00	-	-	-	120.375,98
XV-A limia	3.745,14	-	-	-	-	-	-	-	3.745,14
XVI-Deza - Tabeirós	1.396,07	894,52	-	-	218,23	-	-	-	2.508,82
XVII-O Condado - A Paradanta	1.616,83	3.541,14	-	16,50	1.026,38	-	-	-	6.200,85
XVIII-Vigo - Baixo Miño	1.113,04	-	-	880,00	781,22	-	2,20	-	2.776,46
XIX-Caldas - O Salnés	3.633,13	597,28	-	-	8.591,45	-	434,00	-	13.255,86
<b>TOTAL</b>	<b>102.969,60</b>	<b>164.445,98</b>	<b>172.874,68</b>	<b>16.052,23</b>	<b>23.715,77</b>	<b>336,00</b>	<b>582,44</b>	-	<b>480.976,70</b>

Fonte: Sistema de indicadores da administración dixital. Consellería do Medio Rural no ano 2022

**Táboa 6 Galicia: Diferencias cortas xestión pública 2022 e 2023\* por especie e distrito forestal (m<sup>3</sup>)**

	Pinus pinaster	Pinus radiata	Pinus sylvestris	Outras / Mistura Coníferas	Eucalyptus spp	Fronzosas caducifolias	Outras fronzosas non caducifolias	Outras	TOTAL
I-Ferrol	7.880,90	9.552,36	66,69	-	588,97	-	-	-	18.088,92
II-Bergantiños - Mariñas Coruñesas	33,93	495,30	-	-	302,16	-	-	-	763,53
III-Santiago - Meseta Interior	42,83	-	-	-	259,93	76,38	-	0,95	380,09
IV-Barbanza	2.036,05	499,88	-	-	5.875,44	-	121,04	-	7.532,65
V-Fisterra	351,89	154,00	-	-	121,00	-	-	-	626,89
VI-A Mariña Lucense	274,41	-	-	-	36,26	-	-	-	310,67
VII-Fonsagrada - Os Ancares	89,61	39.432,93	4.109,89	-	-	10,71	-	-	43.621,72
VIII-Terra de Lemos	-14.547,25	15.678,78	24.888,81	-23.730,80	-	102,99	-	-	2.186,55
IX-Lugo - Sarria	1.868,65	23.219,41	9.166,82	-	203,18	330,00	-	-	34.788,06
X-Terra Cha	2.267,84	31.696,02	-	79,88	-	-	-	-	33.883,98
XI-O Ribeiro - Arenteiro	13.927,16	-	-	2.016,10	8,97	-	-	-	11.902,09
XII-Miño - Arnoia	1.578,97	-	-	-	-	-	-	-	1.578,97
XIII-Valdeorras - Trives	2.919,87	3.243,64	863,41	-	-	-	-	-	7.026,92
XIV-Verín - Viana	4.871,26	341,78	79.402,54	-	200,00	-	-	-	84.132,02
XV-A limia	-9.597,19	-2.524,18	-12.698,30	-	-156,18	-	-	-	-24.975,85
XVI-Deza - Tabeirós	296,08	894,52	-	-	218,23	-	-	-	1.408,83
XVII-O Condado - A Paradanta	98,71	3.541,14	-	16,50	696,38	-	-	-	4.153,31
XVIII-Vigo - Baixo Miño	-6.057,51	1.113,04	-	880,00	367,74	-	22,41	-	-3.719,14
XIX-Caldas - O Salnés	392,63	468,04	-	-	5.032,50	7,18	375,98	-	5.476,71
<b>TOTAL</b>	<b>3.249,96</b>	<b>124.824,74</b>	<b>105.799,86</b>	<b>-24.930,28</b>	<b>12.297,94</b>	<b>132,74</b>	<b>474,61</b>	<b>-0,95</b>	<b>221.848,62</b>

Fonte: Sistema de indicadores da administración dixital. Consellería do Medio Rural nos anos 2022 e 2023 (\* Datos 2023 a 31/10)

Táboa 7 Galicia: Cortas privadas 2022 por especie e distrito forestal (m<sup>3</sup>)

Distrito Forestal	Pinus pinaster	Pinus radiata	Pinus sylvestris	Outras / Mistura Coníferas	Eucalyptus spp	Frondosas caducifolias	Outras frondosas non caducifolias	Outras	TOTAL
I-Ferrol	56.772,29	52.005,88	486,54	5.745,94	951.859,94	9.112,47	425,95	21,35	1.076.430,36
II-Bergantiños - Mariñas Coruñesas	252.209,73	50.161,76	289,18	7.625,19	981.097,26	19.932,56	1.240,20	11,77	1.312.567,65
III-Santiago - Meseta Interior	181.101,86	75.662,97	101,65	13.522,50	1.135.934,85	25.170,77	1.083,06	7,4	1.432.585,06
IV-Barbanza	145.612,38	23.356,01	76,3	908,43	227.773,32	5.158,99	1.203,72	13,31	404.102,46
V-Fisterra	165.150,67	22.462,83	4,71	526,81	332.959,80	4.421,73	2.396,53	4,06	527.927,14
VI-A Mariña Lucense	70.981,40	156.245,87	25.034,92	1.063,53	1.000.170,19	6.735,02	2.089,01	9,35	1.262.329,29
VII-Fonsagrada - Os Ancares	13.904,52	243.741,01	66.569,17	6.248,25	76.656,38	12.263,41	1,3	4,36	419.388,40
VIII-Terra de Lemos	249.168,21	240.010,85	37.622,47	10.616,30	16.831,40	20.372,29	1.218,42	1,5	575.841,44
IX-Lugo - Sarria	84.910,17	610.340,91	4.021,04	4.940,46	338.156,26	65.087,50	5,9	12,8	1.107.475,04
X-Terra Cha	56.719,12	382.407,32	3.556,80	7.352,60	412.006,73	33.926,10	196,43	2,24	896.167,34
XI-O Ribeiro - Arenteiro	89.190,97	2.660,63	717,31	315,53	49.791,25	6.590,44	92,89	---	149.359,02
XII-Miño - Arnoia	97.308,95	5.215,20	888,12	1.094,90	4.157,59	15.707,49	34,18	6,74	124.413,17
XIII-Valdeorras - Trives	9.996,06	557,4	8.236,28	1.231,02	38,1	11.765,13	318,25	5,3	32.147,54
XIV-Verín - Viana	44.529,75	4.173,04	3.939,47	483,23	3.928,96	9.809,62	18,66	324,62	67.207,35
XV-A limia	15.373,36	3.704,65	2.330,49	737,15	10.196,47	8.907,67	128	2,5	41.380,29
XVI-Deza - Tabeirós	224.017,86	35.980,00	68,2	3.520,59	111.522,28	16.979,76	104,61	---	392.193,30
XVII-O Condado - A Paradanta	63.670,41	2.611,89	84,63	1.624,51	86.245,31	1.293,75	635,31	20	156.185,81
XVIII-Vigo - Baixo Miño	120.839,70	15.876,43	628,4	647,07	143.053,60	3.030,40	2.010,13	20,05	286.105,78
XIX-Caldas - O Salnés	137.671,23	16.137,01	587,1	1.359,43	336.732,07	4.876,19	5.231,93	19,7	502.614,66
<b>TOTAL</b>	<b>2.079.128,64</b>	<b>1.943.311,66</b>	<b>155.242,78</b>	<b>69.563,44</b>	<b>6.219.111,76</b>	<b>281.141,29</b>	<b>18.434,48</b>	<b>487,05</b>	<b>10.766.421,10</b>

Fonte: Sistema de indicadores da administración dixital. Consellería do Medio Rural no ano 2022

Táboa 8 Galicia: Cortas privadas 2023\* por especie e distrito forestal (m<sup>3</sup>)

Distrito Forestal	Pinus pinaster	Pinus radiata	Pinus sylvestris	Outras / Mistura Coníferas	Eucalyptus spp	Frondosas caducifolias	Outras frondosas non caducifolias	Outras	TOTAL
I-Ferrol	40.763,86	19.254,80	6,6	1.028,09	817.625,37	6.816,36	547,45	57,74	886.100,27
II-Bergantiños - Mariñas Coruñesas	152.686,67	32.053,24	91,7	2.518,11	712.533,97	17.676,32	603,54	8,82	918.172,37
III-Santiago - Meseta Interior	98.103,93	29.114,45	16,4	1.281,20	717.059,18	17.380,80	859,70	98,15	863.913,81
IV-Barbanza	77.502,01	2.526,77	41,47	1418,65	188.766,41	10.597,88	1.117,91	6,6	281.977,70
V-Fisterra	96.962,66	16.008,23	2,09	176,77	299.775,07	5.120,87	1.858,64	1	419.905,33
VI-A Mariña Lucense	41.512,80	81.269,08	6.254,89	984,92	646.437,66	6.987,35	587,92	0,22	784.034,84
VII-Fonsagrada - Os Ancares	13.364,84	217.689,15	51.021,05	1.455,11	79.837,83	5.931,03	1,7	0,22	369.300,93
VIII-Terra de Lemos	119.818,77	130.701,17	14.710,02	11.949,95	15.760,67	18.874,31	15,70	2,5	311.833,09
IX-Lugo - Sarria	33.868,03	338.300,34	4.223,57	3.486,31	198.567,61	43.166,57	17,5	3,43	621.633,36
X-Terra Cha	32.463,12	232.899,79	4.577,76	1.058,03	294.618,95	27.915,85	14,36	0,76	593.548,62
XI-O Ribeiro - Arenteiro	58.759,80	2.956,35	8,2	226,35	14.015,33	6.513,49	20,48	---	82.500,00
XII-Miño - Arnoia	47.355,98	9.255,20	39,5	701,35	4.378,85	11.224,18	330,5	1,65	73.287,21
XIII-Valdeorras - Trives	3.732,58	2065,8	7.133,28	141,65	15	9.056,93	251,59	12,45	22.409,28
XIV-Verín - Viana	17.295,27	1.339,60	975,05	298,99	7.873,41	7.930,07	15,27	120,33	35.847,99
XV-A limia	14.846,70	1.302,80	1.717,00	1191,85	9.326,30	7.897,35	12	4	36.298,00
XVI-Deza - Tabeirós	166.298,53	18.298,85	252,43	1.088,68	96.885,08	16.695,25	197,41	7,9	299.724,13
XVII-O Condado - A Paradanta	22.989,61	6.135,30	470,8	7.927,28	35.494,85	1.022,40	355,58	---	74.735,82
XVIII-Vigo - Baixo Miño	103.124,77	18.158,89	47,33	716,05	97.486,31	1.762,66	1.343,93	1,1	222.641,04
XIX-Caldas - O Salnés	89.947,64	3.035,66	32,7	691,10	281.766,59	5.902,93	18.705,88	4,3	400.086,80
<b>TOTAL</b>	<b>1.231.397,57</b>	<b>1.162.365,47</b>	<b>91.621,84</b>	<b>38.340,44</b>	<b>4.518.224,44</b>	<b>228.472,60</b>	<b>26.857,06</b>	<b>331,17</b>	<b>7.297.610,59</b>

Fonte: Sistema de indicadores da administración dixital. Consellería do Medio Rural no ano 2023 (\* Datos 2023 a 31/10)

Táboa 9 Galicia: Diferencias cortas privadas 2022 e 2023\* por especie e distrito forestal (m<sup>3</sup>)

Distrito Forestal	Pinus pinaster	Pinus radiata	Pinus sylvestris	Outras / Mistura Coníferas	Eucalyptus spp	Frondosas caducifolias	Outras frondosas non caducifolias	Outras	TOTAL
I-Ferrol	-16.008,43	-32.751,08	-479,94	-4.717,85	-134.234,57	-2.296,11	121,50	36,39	-190.330,09
II-Bergantiños - Mariñas Coruñesas	-99.523,06	-18.108,52	-197,48	-5.107,08	-268.563,29	-2.256,24	-636,66	-2,95	-394.395,28
III-Santiago - Meseta Interior	-82.997,93	-46.548,52	-85,25	-12.241,30	-418.875,67	-7.789,97	-223,36	90,75	-568.671,25
IV-Barbanza	-68.110,37	-20.829,24	-34,83	510,22	-39.006,91	5.438,89	-85,81	-6,71	-122.124,76
V-Fisterra	-68.188,01	-6.454,60	-2,62	-350,04	-33.184,73	699,14	-537,89	-3,06	-108.021,81
VI-A Mariña Lucense	-29.468,60	-74.976,79	-18.780,03	-78,61	-353.732,53	252,33	-1.501,09	-9,13	-478.294,45
VII-Fonsagrada - Os Ancares	-539,68	-26.051,86	-15.548,12	-4.793,14	3.181,45	-6.332,38	0,40	-4,14	-50.087,47
VIII-Terra de Lemos	-129.349,44	-109.309,68	-22.912,45	1.333,65	-1.070,73	-1.497,98	-1.202,72	1,00	-264.008,35
IX-Lugo - Sarria	-51.042,14	-272.040,57	202,53	-1.454,15	-139.588,65	-21.920,93	11,60	-9,37	-485.841,68
X-Terra Cha	-24.256,00	-149.507,53	1.020,96	-6.294,57	-117.387,78	-6.010,25	-182,07	-1,48	-302.618,72
XI-O Ribeiro - Arenteiro	-30.431,17	295,72	-709,11	-89,18	-35.775,92	-76,95	-72,41	0,00	-66.859,02
XII-Miño - Arnoia	-49.952,97	4.040,00	-848,62	-393,55	221,26	-4.483,31	296,32	-5,09	-51.125,96
XIII-Valdeorras - Trives	-6.263,48	1.508,40	-1.103,00	-1.089,37	-23,10	-2.708,20	-66,66	7,15	-9.738,26
XIV-Verín - Viana	-27.234,48	-2.833,44	-2.964,42	-184,24	3.944,45	-1.879,55	-3,39	-204,29	-31.359,36
XV-A limia	-526,66	-2.401,85	-613,49	454,70	-870,17	-1.010,32	-116,00	1,50	-5.082,29
XVI-Deza - Tabeirós	-57.719,33	-17.681,15	184,23	-2.431,91	-14.637,20	-284,51	92,80	7,90	-92.469,17
XVII-O Condado - A Paradanta	-40.680,80	3.523,41	386,17	6.302,77	-50.750,46	-271,35	-279,73	-20,00	-81.789,99
XVIII-Vigo - Baixo Miño	-17.714,93	2.282,46	-581,07	68,98	-45.567,29	-1.267,74	-666,20	-18,95	-63.464,74
XIX-Caldas - O Salnés	-47.723,59	-13.101,35	-554,40	-668,33	-54.965,48	1.026,74	13.473,95	-15,40	-102.527,86
<b>TOTAL</b>	<b>-847.731,07</b>	<b>-780.946,19</b>	<b>-63.620,94</b>	<b>-31.223,00</b>	<b>-1.700.887,32</b>	<b>-52.668,69</b>	<b>8.422,58</b>	<b>-155,88</b>	<b>-3.468.810,51</b>

Fonte: Sistema de indicadores da administración dixital. Consellería do Medio Rural nos anos 2022 e 2023 (\* Datos 2023 a 31/10)

**Táboa 10 Galicia: Evolución das cortas privadas de madeira por distrito forestal e ano respecto 2018**


	2018	2019	2020	2021	2022	
<b>A Coruña</b>	<b>100</b>	<b>95</b>	<b>95</b>	<b>95</b>	<b>95</b>	
I-Ferrol	100	95	77	88	79	
II-Bergantiños - Mariñas Coruñesas	100	91	82	83	90	
III-Santiago - Meseta Interior	100	97	106	121	130	
IV-Barbanza	100	115	102	108	118	
V-Fisterra	100	90	104	118	123	
<b>Lugo</b>	<b>100</b>	<b>92</b>	<b>88</b>	<b>98</b>	<b>103</b>	
IX-Lugo - Sarria	100	99	89	92	105	
VI-A Mariña Lucense	100	86	73	77	85	
VII-Fonsagrada - Os Ancares	100	123	133	176	150	
VIII-Terra de Lemos	100	90	101	127	206	
X-Terra Cha	100	86	93	107	90	
<b>Ourense</b>	<b>100</b>	<b>95</b>	<b>104</b>	<b>104</b>	<b>120</b>	
XIII-Valdeorras - Trives	100	100	143	127	112	
XII-Miño - Arnoia	100	96	120	146	170	
XI-O Ribeiro - Arenteiro	100	89	100	86	157	
XIV-Verín - Viana	100	90	87	80	66	
XV-A limia	100	121	103	107	98	
<b>Pontevedra</b>	<b>100</b>	<b>105</b>	<b>104</b>	<b>114</b>	<b>126</b>	
XIX-Caldas - O Salnés	100	101	99	120	128	
XVI-Deza - Tabeirós	100	110	109	116	130	
XVIII-Vigo - Baixo Miño	100	113	101	116	123	
XVII-O Condado - A Paradanta	100	92	109	90	114	
<b>Total general</b>	<b>100</b>	<b>95</b>	<b>91</b>	<b>100</b>	<b>105</b>	

Fonte: Solicitudes de corta presentadas na Consellería do Medio Rural no ano 2018-2022

**Táboa 11 Galicia: Cortas publicas 2022 por distrito forestal e modo adxudicación (m<sup>3</sup>)**

	Poxa	Negociado	Alleamento directo	DT169/MUP alleamento concello	TOTAL
I-Ferrol					
II-Bergantiños - Mariñas Coruñesas	3.999,06				3.999,06
III-Santiago - Meseta Interior	1.315,09				1.315,09
IV-Barbanza	10.596,42		174,14		10.770,56
V-Fisterra	1.355,20				1.355,20
VI-A Mariña Lucense			310,67		310,67
VII-Fonsagrada - Os Ancares		1.135,99			1.135,99
VIII-Terra de Lemos		58.568,58	2.136,32	56.371,70	117076,6
IX-Lugo - Sarria		13.578,70			13.578,70
X-Terra Cha		726,99	192,74		919,73
XI-O Ribeiro - Arenteiro	4.519,56	4.816,70	156,30		9.492,56
XII-Miño - Arnoia	1.628,63				1.628,63
XIII-Valdeorras - Trives	13.607,68		1.552,38		15.160,06
XIV-Verín - Viana	29.039,28	6819,68	385,00		36.243,96
XV-A limia	28.258,99		462,00		28.720,99
XVI-Deza - Tabeirós	989,99			110	1.099,99
XVII-O Condado - A Paradanta	663,37		29,17	1353	2.045,54
XVIII-Vigo - Baixo Miño	3162,33		62,97	3.270,30	6.495,60
XIX-Caldas - O Salnés	7.779,15				7.779,15
<b>TOTAL</b>	<b>106.914,75</b>	<b>85.646,64</b>	<b>5.571,69</b>	<b>60.995,00</b>	<b>259.128,08</b>

Fonte: Sistema de indicadores da administración dixital. Consellería do Medio Rural no ano 2022

**Figura 4 Expedientes de solicitude de corta privada segundo o tipo. 2023\***

**Táboa 12 Expedientes de solicitude de corta privada segundo a afección sectorial existente. 2022**

	Zona de policía de augas	Rede Natura	Camión	Patrimonio	Costas	Estradas	Organismo Corentena	TOTAL
I-Ferrol	1.728	305	6	420	95	363	1	2.918
II-Bergantiños - Mariñas Coruñesas	1.686	33	135	672	46	377	3	2.952
III-Santiago - Meseta Interior	1.265	30	381	571	---	243	---	2.490
IV-Barbanza	590	43	13	327	52	212	---	1.237
V-Fisterra	676	15	22	254	20	103	1	1.091
VI-A Mariña Lucense	1.663	96	58	367	66	668	1	2.919
VII-Fonsagrada - Os Ancares	98	72	32	146	---	96	1	445
VIII-Terra de Lemos	391	101	13	494	---	263	---	1.262
IX-Lugo - Sarria	834	19	301	568	---	278	1	2.001
X-Terra Cha	799	66	114	430	1	315	---	1.725
XI-O Ribeiro - Arenteiro	290	5	10	172	---	112	13	602
XII-Miño - Arnoia	400	9	12	241	---	172	---	834
XIII-Valdeorras - Trives	94	80	1	58	---	48	---	281
XIV-Verín - Viana	97	6	29	128	---	73	---	333
XV-A Ilíria	189	51	---	123	1	89	---	453
XVI-Deza - Tabeirós	639	26	24	402	1	260	---	1.352
XVII-O Condado - A Paradanta	177	2	---	157	1	109	649	1.095
XVIII-Vigo - Baixo Miño	580	33	24	308	33	204	1.286	2.468
XIX-Caldas - O Salnés	925	32	10	541	68	341	1	1.918
<b>TOTAL</b>	<b>13.121</b>	<b>1.024</b>	<b>1.185</b>	<b>6.379</b>	<b>384</b>	<b>4.326</b>	<b>1.957</b>	<b>28.376</b>

Nota: En 2022 houbo 22.265 expedientes con afección. Na táboa constan 28.376 porque nun mesmo expediente poden existir máis de unha afección.

**Táboa 13 Top 20 Concellos en Cortas de Madeira privada en 2022 e tendencia respecto 2018-2021**

Posto 2022	Posto medio 2018-2021	Tendencia	Concello	Cortas Privadas (m <sup>3</sup> )
1	1	—	Ortigueira	222.743
2	2	—	Fonsagrada (A)	173.240
3	3	—	Lugo	165.648
4	14	▲	Pino (O)	153.047
5	18	▲	Foz	146.692
6	47	▲	Palas de Rei	144.519
7	4	▼	Pontenova (A)	137.884
8	8	—	Carballo	136.534
9	20	▲	Coristanco	133.902
10	48	▲	Santa Comba	118.853
11	10	▼	Guitiriz	112.440
12	28	▲	Begonte	110.771
13	6	▼	Friol	110.279
14	19	▲	Arzúa	110.070
15	31	▲	Estrada (A)	106.173
16	39	▲	Valadouro (O)	103.917
17	12	▼	Castroverde	103.114
18	69	▲	Melide	100.326
19	41	▲	Viveiro	98.125
20	34	▲	Boimorto	94.533

Na táboa amósanse os 20 concellos onde se levaron a cabo o 25% do volume de corta do período 2018-2021. Ortigueira é o concello que tanto no total como en cada uno dos anos considerados liderou de xeito destacado os aproveitamentos forestais en Galicia. A media anual foi de máis de 225.000 m<sup>3</sup> e o máximo 245.000 m<sup>3</sup> no 2018. A modo de comparación cabe salientar que segundo os datos da Estatística Forestal Nacional publicados polo “*Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico*” (MITECO) correspondentes ao ano 2019 as cortas anuais no concello de Ortigueira serían similares ás de Comunidades Autónomas como Aragón (211.466 m<sup>3</sup>) o Extremadura (203.086 m<sup>3</sup>) e superiores ás de La Rioja, Andalucía, Comunidad Valenciana, Islas Baleares, Comunidad de Madrid, Región de Murcia e Canarias consideradas conxuntamente (164.141 m<sup>3</sup>).

Aínda que os tres primeiros postos permanecen inalterados entre o período 18-21 e o ano 22, si se aprecia nos seguintes postos como concellos do interior da provincia da Coruña aumentan significativamente a súa posición no *ranking*.

Co fin de describir a desigualdade na distribución municipal das cortas privadas, empregouse a representación das mesmas mediante unha curva de Lorenz. Esta gráfica que se usa con frecuencia para capturar a distribución relativa dunha variable nun dominio determinado, trázase considerando no eixo horizontal a porcentaxe acumulada de elementos do dominio en cuestión e no eixe vertical a porcentaxe acumulada do parámetro a medir. Canto máis se afasta a curva da liña diagonal, maior será a desigualdade na distribución. Para a análise das cortas a nivel municipal consideraremos como eixo horizontal o que representa a porcentaxe en número de concellos e o eixe vertical a porcentaxe das cortas de madeira de Galicia.

Deste xeito pódese apreciar una distribución do volume de cortas privadas por concello marcadamente desigual tanto para o período 2018-2021 como para o 2022-2023 onde:

- As cortas en 20 concellos (6%) supoñen o 25% do volume total de Galicia de cortas no período
- As cortas en 50 concellos (16%) supoñen a metade (50%) do volume total cortado en Galicia.
- As cortas en 94 concellos (30%) supoñen o 75% do volume de corta galego no período.

Figura 5 Curva de Lorenz das cortas de madeira privada 2018-2021 por concello





Figura 6 Curva de Lorenz das cortas de madeira privada 2022-2023\* por concello



## ANÁLISE DOS APROVEITAMENTOS SEGUNDO O GRAO DE URBANIZACIÓN DO TERRITORIO

No ano 2011, Eurostat xunto con outros organismos da UE e a OCDE elaboraron unha nova metodoloxía común da Clasificación do grao de urbanización. Esta metodoloxía aplicouse polo IGE<sup>1</sup> para clasificar os concellos galegos segundo o grao de urbanización. Esta metodoloxía clasifica os concellos baseándose nunha combinación de criterios de contigüidade xeográfica e de limiares mínimos de poboación, aplicados a unha cuadrícula de celas de poboación de 1 km<sup>2</sup>. Este enfoque, evita as distorsións ocasionadas polo uso de unidades territoriais que varían en superficie e/ou forma. As categorías defínense a partir da densidade de poboación do xeito seguinte:

- Zonas densamente poboadas (ZDP): conxunto contiguo de concellos de densidade superior a 500 hab./Km<sup>2</sup> e unha poboación total para a zona de alo menos 50.000 habitantes.
- Zonas intermedias (ZIP): son os conxuntos que non pertencen a unha zona densamente poboadada onde cada unha delas conta cunha densidade superior a 100 hab./ Km<sup>2</sup> e, ou ben a poboación total da zona é superior a 50.000 habitantes, ou ben é adxacente a una zona poboadada densamente.
- Zonas pouco poboadas (ZPP): son os grupos de AL que non pertencen a zonas densamente poboadas ou a zonas intermedias.


Para afinar máis na clasificación de grao de urbanización, estableceuse un segundo nivel denominado subgrao de urbanización para as categorías ZIP e ZPP. Dentro das áreas clasificadas como ZPP, aquelas áreas cunha densidade >80 hab./Km<sup>2</sup> (e con polo menos unha AL de densidade superior aos 100 hab./Km<sup>2</sup>) que formen un conxunto contiguo cunha poboación total para o conxunto de 2.000 habitantes ou máis clasificaranse como:

- ZPP alta : máis do 50% en conglomerados semiurbanos de primeira categoría (>5.000 hab)
- ZPP intermedia: máis do 50% en conglomerados semiurbanos de segunda categoría (>2.000 hab)
- ZPP baixa: o resto

Dentro das zonas ZIP

- ZIP altas: mais de 50% en conglomerados supraurbanos (>10.000 hab).
- ZIP baixas o resto.


Figura 7 Mapa de Concellos segundo o seu grao de urbanización (IGE)



<sup>1</sup> [https://www.ige.gal/estatico/pdfs/s3/clasificacions/urbanizacion/NotasMetodoloxicas\\_Rev.pdf](https://www.ige.gal/estatico/pdfs/s3/clasificacions/urbanizacion/NotasMetodoloxicas_Rev.pdf)

**Táboa 14 Distribución das cortas privadas por grao de urbanización**

	2018	2019	2020	2021	2022	2023*
<b>Zonas Densamente Pobladas (ZDP)</b>	<b>3%</b>	<b>3%</b>	<b>4%</b>	<b>3%</b>	<b>4%</b>	<b>4%</b>
<b>Zonas Intermedias (ZIP)</b>	<b>18%</b>	<b>18%</b>	<b>16%</b>	<b>16%</b>	<b>16%</b>	<b>17%</b>
ZIP alta	10%	10%	9%	9%	9%	9%
ZIP baixa	8%	7%	7%	7%	7%	8%
<b>Zonas Pouco Poboadas (ZPP)</b>	<b>79%</b>	<b>79%</b>	<b>80%</b>	<b>81%</b>	<b>80%</b>	<b>79%</b>
ZPP alta	11%	10%	9%	9%	8%	9%
ZPP intermedia	13%	12%	11%	12%	11%	11%
ZPP baixa	55%	57%	60%	60%	60%	60%
<b>Total</b>	<b>100%</b>	<b>100%</b>	<b>100%</b>	<b>100%</b>	<b>100%</b>	<b>100%</b>

**Figura 8 Evolución das cortas privadas por grao de urbanización 2018-2023\***


O 80% do volume en montes de xestión privada aproveitase en Zonas Pouco Poboadas (<100 hab/km<sup>2</sup>), e particularmente o 60% en Zonas Pouco Poboadas de densidade baixa: aquelas áreas onde menos do 50% da poboación vive en conglomérados de máis de 2.000 habitantes.

Aínda que a distribución das cortas segundo o grao de urbanización semella bastante estable nos seis anos estudados, si que se pode apreciar unha lixeira tendencia á baixa porcentual en todas as zonas excepto na ZPP baixa.




## ANALISE XEOGRAFICA DAS CORTAS DE MADEIRA

Para o estudo da explotación forestal xeorreferenciaron case seicentas mil de parcelas catastrais con solicitudes de corta entre 2018 e 2023. Deste xeito, púidose estudar a distribución xeográfica por comarcas, comarcas e provincias, así como algúns outros parámetros relacionados coas características do territorio no que se produciu a proximidade entre elas e a relación entre a situación xeográfica e os parámetros da solicitude incluídos os madeiristas/rematantes rexistrados na mesma.

A Figura 9 amosa o mapa xeral con todas as parcelas xeorreferenciadas. No caso de parcelas privadas, a superficie de corta adoita coincidir coa parcela catastral, en cambio, para as comunidades de montes, como se pode observar, as parcelas son maiores que as que se inclúen na solicitude de corta.

Nas seguintes paxinas e para cada unha das especies ou grupos de especies amósanse a distribución espacial das parcelas nas que se solicitaron cortas entre 2018 e 2023.

Figura 9 Mapa de parcelas catastrais con solicitudes de corta 2018-23\*



Na seguinte páxina, pódese apreciar un exemplo detallado de solicitudes de corta desde 2018 ata 2023 en parcelas dunha parroquia do concello de Cerdido, no norte da provincia da Coruña. Nesta figura, obsérvase a frecuencia das cortas no paisaxe a pesar do tamaño reducido das parcelas catastrais. Na figura XX, correspondente a un conxunto de aproveitamentos forestais no concello de Dodro (sur da provincia da Coruña), vese como as parcelas de dimensión reducida son aproveitadas en sinerxía con superficies de corta maiores correspondentes a montes veciñais. Este tipo de coordinación nas cortas permite, con seguridade, aos madeireiros realizar aproveitamentos que doutra maneira serían economicamente inviables.

Nas figuras 12 e 13 móstranse mapas de calor ponderados co volume das cortas entre os anos 2018 e 2021. Este tipo de representacións permite analizar tendencias espaciais e determinar aqueles lugares nos que as cortas tenden a concentrarse nos distintos anos. É importante comprobar como nos 3 primeiros mapas se observa unha intensificación das cortas no interior da provincia da Coruña e algo máis na Costa da Morte, no interior da provincia de Lugo, en detrimento da intensidade das cortas en outras áreas tradicionalmente moi aproveitadas como A Mariña Lucense.

Esta tendencia tamén pode representarse mediante o estudo do centro de gravidade das cortas para cada ano. Nas figuras 14 e 15 representase o centro de gravidade ponderado polo volume para os anos 2018 a 2023\*. Como se pode apreciar, anualmente hai un desprazamento constante cara ao sur dese centro. Este desprazamento entre 2018 e 2023 supón 10 quilómetros.

Este resultado é congruente cos mapas de calor e con algunhas das táboas analizadas en páxinas anteriores: esta tendencia espacial podería estar relacionada coa entrada en produción de masas de *Eucalyptus nitens* no interior das provincias de Lugo e Coruña, que, ademais de presentarse en parcelas maiores e con mellores posibilidades de mecanización, desvían recursos de explotación de áreas tradicionais como os distritos forestais de A Mariña Lucense.

La figura 17 amosa os centros de gravidade dos aproveitamentos forestais 2022-2023\* para cada unha das especies e grupos de especies principais.

Nas figuras da 18 á 26 represéntanse as parcelas catastrais obxecto de solicitude de corta no bienio 2022-2023\* para cada unha das especies e grupos de especies.

Figura 10 Detalle do mapa de solicitudes de corta xeorreferenciadas 2018-2023\* Cerdido(C)




Figura 11 Detalle dun exemplo de concentración de solicitudes de corta en Dodro (C) 2023\*




Figura 12 Galicia: Mapas de calor ponderado das cortas privadas 2018-21, 2022 e 2023\*




Figura 13 Galicia: Mapas de calor ponderado das cortas privadas de pino e eucalipto 2022




Figura 14 Cortas privadas: “centro de gravidade” das cortas e evolución 2018 - 2023\*




Figura 15 Desprazamento do centro de gravidade das cortas privadas 2018-2023\*





Figura 16 Parcela que contería o centro de gravidade das cortas ponderadas de madeira 2023\*




O centro de gravidade ten de coordenadas (WGS 84): -8.043501,43.021098 WGS84

Figura 17 Cortas privadas 2023\* : “centro de gravidade” por grupo de especies



EG: *Eucalyptus globulus*,  
EN: *Eucalyptus nitens*,  
OE: Outros Eucaliptos,  
PPR: *Pinus pinaster*,  
PRAD: *Pinus radiata*,  
PSY: *Pinus sylvestris*,  
OC: Outras coníferas,  
OFC: Frondosas Caducifolias  
OFP: Outras Frondosas Perennifolias

Figura 18 Galicia: Distribución xeográfica das cortas privadas de *Eucalyptus globulus* (2022-23\*)




O mapa recolle as parcelas catastrais onde a especie do aproveitamento solicitado é *Eucalyptus globulus*.

A superficie de aproveitamento non sempre se corresponde coa totalidade da parcela catastral por iso, nomeadamente nos montes veciñais en man común área reflectida no mapa pode estar sobredimensionada.

O punto resaltado indica o centro de gravidade ponderado por volume de todas as cortas 2022 e 2023\*



Figura 19 Galicia: Distribución xeográfica das cortas privadas de *Eucalyptus nitens* (2022-23\*)



O mapa recolle as parcelas catastrais onde a especie do aproveitamento solicitado é *Eucalyptus nitens*.

*A superficie de aproveitamento non sempre se corresponde coa totalidade da parcela catastral por iso, nomeadamente nos montes veciñais en man común área reflectida no mapa pode estar sobredimensionada.*

O punto resaltado indica o centro de gravidade ponderado por volume de todas as cortas 2022 e 2023\*

Figura 20 Galicia: Distribución xeográfica das cortas privadas de “outros eucaliptos” (2022-23\*)




O mapa recolle as parcelas catastrais onde a especie do aproveitamento solicitado é “Outros eucaliptos”.

*A superficie de aproveitamento non sempre se corresponde coa totalidade da parcela catastral por iso, nomeadamente nos montes veciñais en man común área reflectida no mapa pode estar sobredimensionada.*

O punto resaltado indica o centro de gravidade ponderado por volume de todas as cortas 2022 e 2023\*

Figura 21 Galicia: Distribución xeográfica das cortas privadas de *Pinus pinaster* (2022-23\*)




O mapa recolle as parcelas catastrais onde a especie do aproveitamento solicitado é *Pinus pinaster*

*A superficie de aproveitamento non sempre se corresponde coa totalidade da parcela catastral por iso, nomeadamente nos montes veciñais en man común área reflectida no mapa pode estar sobredimensionada.*

O punto resaltado indica o centro de gravidade ponderado por volume de todas as cortas 2022 e 2023\*

Figura 22 Galicia: Distribución xeográfica das cortas privadas de *Pinus radiata* (2022-23\*)




O mapa recolle as parcelas catastrais onde a especie do aproveitamento solicitado é *Pinus radiata*.

*A superficie de aproveitamento non sempre se corresponde coa totalidade da parcela catastral por iso, nomeadamente nos montes veciñais en man común área reflectida no mapa pode estar sobredimensionada.*

O punto resaltado indica o centro de gravidade ponderado por volume de todas as cortas 2022 e 2023\*

Figura 23 Galicia: Distribución xeográfica das cortas privadas de *Pinus sylvestris* (2022-23\*)




O mapa recolle as parcelas catastrais onde a especie do aproveitamento solicitado é *Pinus sylvestris*.

A superficie de aproveitamento non sempre se corresponde coa totalidade da parcela catastral por iso, nomeadamente nos montes veciñais en man común área reflectida no mapa pode estar sobredimensionada.

O punto resaltado indica o centro de gravidade ponderado por volume de todas as cortas 2022 e 2023\*

Figura 24 Galicia: Distribución xeográfica das cortas privadas de *Outras coníferas* (2022-23\*)




O mapa recolle as parcelas catastrais onde a especie do aproveitamento solicitado é "*Outras coníferas*".

*A superficie de aproveitamento non sempre se corresponde coa totalidade da parcela catastral por iso, nomeadamente nos montes veciñais en man común área reflectida no mapa pode estar sobredimensionada.*

O punto resaltado indica o centro de gravidade ponderado por volume de todas as cortas 2022 e 2023\*

Figura 25 Galicia: Distribución xeográfica das cortas privadas de *Frondosas caducifolias* (2022-23\*)




O mapa recolle as parcelas catastrais onde a especie do aproveitamento solicitado é *Frondosas Caducifolias*.

*A superficie de aproveitamento non sempre se corresponde coa totalidade da parcela catastral por iso, nomeadamente nos montes veciñais en man común área reflectida no mapa pode estar sobredimensionada.*

O punto resaltado indica o centro de gravidade ponderado por volume de todas as cortas 2022 e 2023\*

Figura 26 Galicia: Distribución xeográfica das cortas de *Outras Frondosas Perennifolias* (2022-23\*)



O mapa recolle as parcelas catastrais onde a especie do aproveitamento solicitado é "*Outras frondosas prennifolias*".

*A superficie de aproveitamento non sempre se corresponde coa totalidade da parcela catastral por iso, nomeadamente nos montes veciñais en man común área reflectida no mapa pode estar sobredimensionada.*

O punto resaltado indica o centro de gravidade ponderado por volume de todas as cortas 2022 e 2023\*



## ANÁLISE TEMPORAL DAS SOLICITUDES DE APROVEITAMENTO 2022-2023\*.


A distribución temporal dos aproveitamentos nos montes de xestión privada, estimada a partir da presentación de solicitudes administrativas, amósase relativamente constante ao longo do ano cun ritmo de entre 20 e 30 mil metros cúbicos diarios (promedio diario 2022-2023\* 24.530 m<sup>3</sup>, mediana 25.760 m<sup>3</sup>). O máximo de solicitudes diarias entre 2022 e 2023\* acadou os 97.871 m<sup>3</sup>.

Isto supón que, de media nun único día, en Galicia se chegue a aproveitar tanta madeira como nun ano conxuntamente na Comunidade Valenciana, Baleares, Canarias, Madrid e Murcia. O día que se solicitou o maior volume de corta, a cantidade foi equivalente ás cortas totais do ano 2021 na C.A. de La Rioja.


No que respecta á distribución por provincias, A Coruña e Lugo sitúanse arredor dos 10.000 m<sup>3</sup> diarios (10.811 m<sup>3</sup> e 9.687 m<sup>3</sup> respectivamente), Pontevedra supera lixeiramente os 3.000 metros cúbicos (3.297 m<sup>3</sup>) e Ourense queda no límite dos 1.000 metros cúbicos (981 m<sup>3</sup>). No referente ao máximo de volume diario solicitado, A Coruña e Lugo sitúanse arredor dos 60.000 metros cúbicos (60.525 m<sup>3</sup> e 56.768 m<sup>3</sup> respectivamente), Pontevedra superou os 40.000 metros cúbicos (43.858 m<sup>3</sup>) e Ourense os 12.000 metros cúbicos (12.167 m<sup>3</sup>).

Para o transporte de monte á fábrica da madeira aproveitada en Galicia requírense da orde de 1.000 a 1.100 viaxes de camión de madeira diarios.

**Figura 27 Cortas privadas: análise temporal das solicitudes diarias de corta 2022-2023\***




**Figura 28 Cortas privadas: análise temporal provincial das solicitudes diarias de corta 2022-2023\***




Analizando as tendencias das solicitudes diarias de corta en montes privados nos anos 2022 e 2023, é evidente unha desaceleración da actividade neste segundo ano. A diminución no ritmo de solicitudes de corte é moito máis pronunciada no segundo trimestre de 2023, producíndose unha leve recuperación a partir do final do terceiro trimestre. Xa que os datos do ano 2023 non están pechados e fáltalle os dous dous últimos meses, será necesario confirmar se esta tendencia de recuperación é consistente ou, polo contrario, circunstancial. Esta circunstancia percíbese en todas as provincias, especialmente en A Coruña e Lugo pola súa magnitude, e en todas as especies, agás nas Frondosas Caducifolias.


**Figura 29 Cortas privadas: diferenza 2022-2023\* en volume mensual solicitado por provincias**



**Figura 30 Análise temporal de volume de solicitudes de corta por grupo de especies 2022-23\***



**Figura 31 Análise temporal de volume de solicitudes de corta por especies 2022-23\***



## ANÁLISE DAS PERSOAS SOLICITANTES DE APROVEITAMENTOS FORESTAIS

A partires do deseño do módulo socioeconómico do Inventario Forestal Continuo de Galicia, o Instituto Galego de Estatística incorporou ao seu Plan Estatístico a “Caracterización socioeconómica das persoas solicitantes de aproveitamentos forestais”<sup>2</sup>.

Segundo estes datos, para 2021 (último para o que hai datos publicados), o 82% do volume das solicitudes de corta corresponde a Persoas Físicas que viven en Galicia, o 6% corresponde a Persoas Físicas que viven fora de Galicia e o 12% corresponde a persoas xurídicas na súa maioría a Comunidades de Montes en Man Común (mais da metade das solicitudes de corta e máis de dúas terceiras partes do volume).

**Táboa 15 Volume (m<sup>3</sup>) das solicitudes segundo o tipo de persoa que corta e a especie 2021**

	Pinus pinaster	Eucalyptus spp	Pinus radiata	Pinus sylvestris	Fronosas caducifolias	Outras / Mistura Coníferas	Outras frondosas non caducifolias	Outras
Persoa xurídica	355.677,50	482.101,80	280.515,40	36.162,10	12.837,20	3.383,00	8.798,00	-
Fóra de Galicia	69.281,50	293.005,00	135.848,00	16.953,60	19.798,60	3.784,30	668,40	6,90
A Coruña	735.168,20	3.150.468,90	280.131,00	5.384,40	69.077,90	21.612,90	4.059,70	75,70
Lugo	184.584,30	1.225.237,20	1.050.057,20	91.680,70	75.216,40	20.832,50	2.382,20	204,40
Ourense	83.484,30	36.094,00	15.393,00	1.340,80	35.320,70	1.727,10	394,80	39,00
Pontevedra	265.505,70	394.534,70	51.782,40	500,60	24.336,40	3.620,10	2.764,50	35,00
Galicia	1.268.742,40	4.806.334,80	1.397.363,50	98.906,50	203.951,40	47.792,60	9.601,20	354,00
<b>Total</b>	<b>1.693.701,40</b>	<b>5.581.441,60</b>	<b>1.813.726,80</b>	<b>152.022,20</b>	<b>236.587,20</b>	<b>54.959,90</b>	<b>19.067,50</b>	<b>361,00</b>

Fonte: IGE, Consellería de Medio Rural. Caracterización socioeconómica das persoas solicitantes de aproveitamentos forestais

**Táboa 16 Características das persoas xurídicas que solicitan aproveitamentos forestais (2021)**

	2019				2020				2021			
	Nº de cortas	% cortas	Volume	%volume	Nº de cortas	% cortas	Volume	% volume	Nº de cortas	% cortas	Volume	%volume
1-Sociedade anónima	485	7,9	24.243	2,6	263	4,7	95.331	9,7	432	6,8	68.854	5,8
2-Sociedade limitada	1.257	20,5	166.897	18	1.171	20,8	128.673	13	1.248	19,7	213.218	18,1
3-Comunidades de bens	246	4	66.704	7,2	135	2,4	45.350	4,6	225	3,5	39.699	3,4
4-Asociacións e fundacións	40	0,7	7.723	0,8	191	3,4	41.034	4,2	666	10,5	14.535	1,2
5-Montes veciñais	3.639	59,4	604.923	65,2	3.328	59,2	650.580	65,9	3.331	52,5	803.823	68,2
6-Outro tipo de sociedades	456	7,4	57.674	6,2	534	9,5	25.998	2,6	446	7	39.346	3,3

Fonte: IGE, Consellería de Medio Rural. Caracterización socioeconómica das persoas solicitantes de aproveitamentos forestais

**Táboa 17 Volume (m<sup>3</sup>) das solicitudes de corta segundo o tipo de persoa que corta e a especie. 2021**

	Pinus pinaster	Eucalyptus spp	Pinus radiata	Pinus sylvestris	Fronosas caducifolias	Outras / Mistura Coníferas	Outras frondosas non caducifolias	Outras	Total
Persoa xurídica	21%	9%	15%	24%	5%	6%	46%	0%	12%
Fóra de Galicia	4%	5%	7%	11%	8%	7%	4%	2%	6%
A Coruña	43%	56%	15%	4%	29%	39%	21%	21%	45%
Lugo	11%	22%	58%	60%	32%	38%	12%	57%	28%
Ourense	5%	1%	1%	1%	15%	3%	2%	11%	2%
Pontevedra	16%	7%	3%	0%	10%	7%	14%	10%	8%
Galicia	75%	86%	77%	65%	86%	87%	50%	98%	82%
<b>Total</b>	<b>1.693.701,40</b>	<b>5.581.441,60</b>	<b>1.813.726,80</b>	<b>152.022,20</b>	<b>236.587,20</b>	<b>54.959,90</b>	<b>19.067,50</b>	<b>361,00</b>	<b>362,00</b>

Fonte: IGE, Consellería de Medio Rural. Caracterización socioeconómica das persoas solicitantes de aproveitamentos forestais

<sup>2</sup> Ver [https://www.ige.gal/web/mostrar\\_actividade\\_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0301008](https://www.ige.gal/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0301008)

Os datos publicados polo IGE permiten comparar o volumes de madeira dos aproveitamentos solicitados polos residentes nos distintos concellos co volume de madeira dos aproveitamentos levados a cada nos mesmos (Figuras 32 e 33)

Figura 32 Volume dos aproveitamentos forestais por concello e corta de residentes no mesmo 2021





Figura 33 Volume dos aproveitamentos forestais por concello e corta de residentes 2021 (detalle)




## ANÁLISE DAS SOLICITUDES DE CORTA ANUAIS SEGUNDO O MADEIRISTA

En relación ás solicitudes correspondentes ao ano 2022, atopámonos cun total de 803 "*madeiristas*", mentres que nas do ano 2023\* o número total é de 766. Hai 656 *madeiristas* que aparecen en ambos os anos, sendo o resto con toda probabilidade responsables de aproveitamentos conxuntos, puntuais, domésticos, etc.

Os 100 *madeiristas* con maior volume asociado no ano 2022 representaron o 73% do volume total das solicitudes dese ano. No ano 2023\*, este porcentaxe mantense exactamente no mesmo valor, aínda que o ano non estea rematado. Do mesmo xeito que o traballo feito sobre os concellos nas páxinas precedentes, levouse a cabo unha análise sobre a desigualdade da distribución da madeira aproveitada por persoas físicas e xurídicas identificadas na condición de *madeirista*.

Figura 34 Curva de Lorenz das cortas de madeira por *maderista* 2018-2021 e 2022-2023\*



A curva obtida é claramente representativa dunha distribución moi desigual. A empresa que máis madeira adquiriu entre 2018 e 2021 adquiriu un 10%, en 2022 esa porcentaxe se mantén e nos datos provisionais de 2023\* aumenta ata o 11,5%. Para os tres períodos estudados (2018-2021, ano 2022, e ano 2023\*) conxuntamente entre as 10 maiores empresas adquiriron un 30%. E, no extremo oposto da curva pódese determinar que o 80% dos *madeiristas* referidos nas solicitudes adquieren conxuntamente só o 11% da madeira no período 2018-2021 e o 15% no período 2022-2023.

Destas cifras pódese inferir que aínda que existen grandes empresas compradoras, estas non son capaces de controlar unha maioría dos aproveitamentos.


Asemade, resulta evidente que un número importante de operadores traballan con volumes moi escasos, pode que debido a tratarse de empresas que cortan a madeira como resultado doutros traballos (agricultura, obra pública, mantemento de liñas eléctricas, ...) ou para destinos non industriais (leñas, etc...).

A distribución indica a importancia do estrato intermedio de empresas profesionais (un 20%) que son responsables do 60% do volume aproveitado.

Debido ao seu importante papel nos aproveitamentos forestais e no subministro ás cadeas de valor con base no monte galego e necesario comezar a analizar máis as características das empresas de aproveitamentos forestais, rematantes ou madeiristas.

Unha primeira aproximación é clasificalos en función da porcentaxe da súa corta anual que corresponde a cada un dos tres grupos de especies comerciais (Eucalipto, Pino, Outras Frondosas).

Figura 35 Cortas privadas: clasificación de madeiristas segundo especies cortadas 2022



Outro xeito de analizar e calculando o centro de gravidade das cortas solicitadas para cada un dos madeiristas como se amosa na Figura 36. Pódese comprobar que a distribución das empresas de aproveitamento e madeiristas abarca todo o territorio de Galicia, aínda que con menos presenza no extremo sur leste.

Se a maiores do calculo do centro de gravidade das cortas calculamos a envolvente das cortas realizadas por cada empresa (Figura 37) podemos verificar o extremo solape entre as áreas definidas polas mesmas o que significará que en xeral en cada punto de Galicia máis duna empresa estaría en condicións de mercar madeira xa que estaríamos no “territorio” de traballo de distintas delas.

A partires destes cálculos poderíamos caracterizar cada empresa en función da superficie que ten que “recorrer” por cada metro cúbico adicional de compra de madeira.

Figura 36 Cortas privadas: “centro de gravidade” das solicitudes por maderista 2023\*





Figura 37 Cortas privadas: envolvente das solicitudes por maderista 2023\*





## APROXIMACION AO VALOR DAS MASAS ARBORIZADAS GALEGAS

Coñecer o valor das masas arboradas é fundamental por diversas razóns, xa que os árbores xogan un papel crucial no equilibrio e na sostibilidade dos ecosistemas, así como no benestar humano.

Con ánimo de realizar unha aproximación ao valor xeral das masas arboradas de Galicia, levouse a cabo un cálculo baseado nas superficies das principais categorías arboradas do ano 2022 do Inventario Forestal Continuo de Galicia (Eucalipto, Coníferas, Frondosas Caducifolias, os seus rexenerados e as súas clases en transición - cortas e superficie afectada por incendios). Para cada unha das especies destes grupos e para cada provincia utilizouse o valor unitario de produción anual ofrecido polo "*Proxecto: Valoración dos activos naturais de España, V.A.N.E.*"<sup>3</sup> (Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural y Marino, 2008)", que contempla a valoración de 31 servizos nas seguintes categorías: Producción de alimentos e materias primas, Provisión de auga, Servizo recreativo, Caza, Control da erosión, Captura de carbono; e Conservación da diversidade biolóxica. Con ánimo de actualizar a unidades monetarias de 2022, procedeuse a empregar o actualizador de rendas do INE.

O resultado por distrito forestal e grupo de especies (Táboa 17) indica que o valor anual producido polas masas arborizadas en Galicia alcanza os 1.719 millóns de euros, dos cales o 41% é producido polas masas de Frondosas Caducifolias, o 38% polas masas de Eucalipto e o 21% polas de Coníferas. A nivel provincial, a produción de A Coruña supón o 41%, a de Lugo o 29%, a de Ourense o 11% e a de Pontevedra o 19%. Debe terse en conta que este cálculo non inclúe superficies distintas ás arboradas (matos, formacións herbáceas, cultivos, etc.).

No caso das masas arboradas, o valor en produción de madeira supón practicamente a totalidade da categoría "Producción de alimentos e materias primas". Tamén é importante contextualizar a diferenza entre valorar servizos de produción e aqueles para os que os mercados son incipientes ou inexistentes. Unha porcentaxe moi elevada do valor da produción anual de madeira monetízase ao saír ao mercado e xerar facturación na industria, como se verá en páxinas posteriores, superando os 2.700 millóns de euros brutos. Ademais, debe terse en conta que a valoración da fixación de carbono por parte das masas forestais ten como un dos seus principais compoñentes a madeira máis alá do seu valor como materia prima.

Co fin de coñecer o valor das masas forestais, considerando canto sería o valor do activo que sería quen de producir unha renda anual dos 1719 millóns de euros citados, procedeuse a capitalización da mesma a un 4% (interese dos bono do Tesouro a máis de 30 anos).

Esta valoración do activo que supoñen a masas arborizadas de Galicia ascende a 42.986 millóns de euros, que se pode analizar por provincia, distrito forestal e grupo de especies na Táboa 18.

A táboa 19 amosa a distribución para cada unha dos grupos de especies dos distintos compoñentes de valor considerado polo proxecto V.A.N.E.

---

<sup>3</sup> [https://www.miteco.gob.es/content/dam/miteco/es/biodiversidad/temas/conservacion-de-la-biodiversidad/vane\\_documentotecnico\\_optimizado\\_tcm30-540881.pdf](https://www.miteco.gob.es/content/dam/miteco/es/biodiversidad/temas/conservacion-de-la-biodiversidad/vane_documentotecnico_optimizado_tcm30-540881.pdf)

**Táboa 18 Valor da produción anual en bens e servizos das masas arborizadas galegas**

VALOR M€ / año	Eucalipto	Coníferas	Fronzosas Caducifolias	TOTAL
D1. Ferrol	106,53	15,17	38,80	160,50
D2. Bergantiños - Mariñas Coruñesas	106,17	26,73	35,10	168,00
D3. Santiago - Meseta Interior	104,61	26,72	65,62	196,95
D4. O Barbanza	43,97	24,50	15,14	83,60
D5. Fisterra	49,06	34,07	11,62	94,75
<b>A Coruña</b>	<b>410,33</b>	<b>127,19</b>	<b>166,28</b>	<b>703,80</b>
D6. A Mariña Luguesa	79,04	10,28	10,88	100,19
D7. A Fonsagrada - Os Ancares	5,05	21,73	70,31	97,10
D8. Terra de Lemos	1,36	23,01	63,66	88,03
D9. Lugo - Sarria	16,05	27,62	73,98	117,65
D10. Terra Chá	26,64	23,88	49,07	99,59
<b>Lugo</b>	<b>128,14</b>	<b>106,53</b>	<b>267,90</b>	<b>502,57</b>
D11. O Ribeiro - Arenteiro	2,29	11,05	22,47	35,81
D12. Miño - A Arnoia	0,78	11,33	46,13	58,24
D13. Valdeorras - Trives	0,11	7,04	27,82	34,96
D14. Verín - Viana	0,31	13,46	18,71	32,48
D15. A Limia	0,61	6,05	24,23	30,89
<b>Ourense</b>	<b>4,09</b>	<b>48,93</b>	<b>139,36</b>	<b>192,37</b>
D16. Deza - Tabeirós	20,27	18,68	67,57	106,51
D17. O Condado - A Paradanta	14,13	11,66	25,04	50,83
D18. Vigo - Baixo Miño	30,25	14,58	14,76	59,60
D19. Caldas - O Salnés	53,72	19,66	28,25	101,64
<b>Pontevedra</b>	<b>118,37</b>	<b>66,71</b>	<b>135,63</b>	<b>320,70</b>
<b>Total</b>	<b>660,93</b>	<b>349,35</b>	<b>709,16</b>	<b>1.719,44</b>

**Táboa 19 Aproximación ao valor das masas arborizadas galegas**

VALOR M€ (i=4%)	Eucalipto	Coníferas	Fronzosas Caducifolias	TOTAL
D1. Ferrol	2.663,29	379,24	969,91	4.012,45
D2. Bergantiños - Mariñas Coruñesas	2.654,16	668,32	877,42	4.199,90
D3. Santiago - Meseta Interior	2.615,20	668,10	1.640,58	4.923,87
D4. O Barbanza	1.099,20	612,45	378,44	2.090,09
D5. Fisterra	1.226,46	851,63	290,60	2.368,69
<b>A Coruña</b>	<b>10.258,31</b>	<b>3.179,76</b>	<b>4.156,95</b>	<b>17.595,01</b>
D6. A Mariña Luguesa	1.975,94	256,96	271,91	2.504,81
D7. A Fonsagrada - Os Ancares	126,32	543,34	1.757,87	2.427,52
D8. Terra de Lemos	34,12	575,30	1.591,43	2.200,84
D9. Lugo - Sarria	401,14	690,50	1.849,58	2.941,22
D10. Terra Chá	665,97	597,10	1.226,66	2.489,73
<b>Lugo</b>	<b>3.203,48</b>	<b>2.663,20</b>	<b>6.697,45</b>	<b>12.564,13</b>
D11. O Ribeiro - Arenteiro	57,23	276,22	561,69	895,14
D12. Miño - A Arnoia	19,50	283,17	1.153,33	1.456,00
D13. Valdeorras - Trives	2,64	175,99	695,46	874,09
D14. Verín - Viana	7,71	336,45	467,76	811,92
D15. A Limia	15,17	151,36	605,69	772,21
<b>Ourense</b>	<b>102,24</b>	<b>1.223,20</b>	<b>3.483,92</b>	<b>4.809,36</b>
D16. Deza - Tabeirós	506,66	466,90	1.689,20	2.662,76
D17. O Condado - A Paradanta	353,25	291,54	626,04	1.270,83
D18. Vigo - Baixo Miño	756,28	364,56	369,09	1.489,94
D19. Caldas - O Salnés	1.343,08	491,50	706,37	2.540,94
<b>Pontevedra</b>	<b>2.959,27</b>	<b>1.667,64</b>	<b>3.390,70</b>	<b>8.017,61</b>
<b>Total</b>	<b>16.523,30</b>	<b>8.733,79</b>	<b>17.729,01</b>	<b>42.986,10</b>

**Táboa 20 Distribución do valor en compoñentes considerados polo proxecto V.A.N.E.**

	Valor segundo compoñentes do proxecto VANE							Total
	Produción de alimentos e materias primas	Provisión de auga	Servizo recreativo	Caza	Control da erosión	Captura de carbono	Conservación da diversidade biolóxica	
Eucalipto	21,0%	16,9%	0,0%	0,0%	0,5%	60,5%	1,0%	100,0%
Coníferas	30,3%	27,3%	0,3%	0,1%	3,0%	36,6%	2,4%	100,0%
Fronzosas Caducifolias	7,8%	30,5%	0,3%	0,6%	16,4%	35,1%	9,3%	100,0%
<b>TOTAL</b>	<b>17,4%</b>	<b>24,6%</b>	<b>0,2%</b>	<b>0,3%</b>	<b>7,6%</b>	<b>45,2%</b>	<b>4,7%</b>	<b>100,0%</b>



Hotel Hyatt Ziva Cap Cana (Finsa)

# INDUSTRIA FORESTAL - MADEIRA

## INDUSTRIA FORESTAL – MADEIRA

En 2022, a facturación conxunta dos subsectores principais da cadea de valor forestal madeira ascendeu a **2.715 millóns de euros**. Isto suporía o máximo histórico da serie desde 2006, superando amplamente os valores alcanzados en 2007, xusto antes de que a crise financeira de 2007-2008 fixese sentir os seus efectos e os de 2021 (2.578 millóns de euros ) o ano no que se rexistrara o máximo.

As estimacións que se poden realizar cos datos dos primeiros tres trimestres de 2023 indicarían que este ano a facturación conxunta descendería outra vez cara a valores próximos aos 2.400 millóns de euros. Con todo, hai que tomar con precaución estas aproximacións, xa que se aprecia despois do verán un cambio de tendencia nos mercados e no ritmo de actividade que se viña experimentando dende a segunda metade de 2022.

En xeral os subsectores da madeira experimentaron incrementos na produción, nas vendas e na facturación dende mediados de 2020 e ata o terceiro trimestre de 2022. Produciuse máis, vendeuse máis e a mellores prezos. Tamén é certo que os custes de produción —en especial a enerxía, transporte e madeira— tiveron incrementos que fixeron que os balances non amosen os mesmos diferenciais. No último trimestre de 2022, manifestouse un cambio de tendencia que agravou no segundo trimestre de 2023\* cando a demanda baixou e con ela os prezos dos produtos, e a continuación do alza dos custes, podería ter feito que algunhas empresas comezaran a frear a súa produción. Ademais, en 2022 os datos da pasta de papel véñense afectados pola parada da planta pontevedresa de ENCE derivada das restricións ao consumo de auga durante a seca.

A fabricación de taboleiro e pasta de papel facturou en 2022 uns 1.055 millóns de euros (-6% respecto 2021). A extrapolación ao total de 2023 dos primeiros nove meses levarían a cifras de 950 millóns de euros (-10%).

O serrado facturou en 2022 467 millóns de euros (+4%) e as previsións para 2023 amosan unha caída ata os 370 millóns (-8%)

En 2022 os rematantes venderon madeira por valor e 501 millóns de euros (+6%) e estímase que en 2023 poderían alcanzar los 420 (-17%) tendo en conta o ritmo actual de aproveitamento e os prezos.

A segunda transformación de madeira, facturou 607 millóns de euros en 2022 (+12%) e se prevé que en 2023 peche con unha facturación moi semellante (600 millóns de euros -2%).

A facturación correspondente á biomasa, que inclúe a venda de enerxía eléctrica e a fabricación de biocombustibles de uso térmico (pellets, astelas, ...), supuxo 85 millóns de euros, aumentando algo menos dun 4% respecto 2021. As previsión para 2023 son de 72 millóns de euros (-16%).

Estes descensos xeralizados ao longo de toda a cadea de valor veñen ocasionados por uns descensos esperados na produción de 2023 combinados con un descenso de prezos unitarios. Non axuda a mudar a situación a elevada inflación na meirande parte dos países do noso entorno económico e os prezos de enerxía e materias primas elevados.

No obstante, o comezo do último trimestre de 2023 apunta a un cambio de tendencia que podería afectar a estas previsións. Aqueles clientes industriais e distribuidores que decidiron manter stocks baixos ante a incertidume están reactivando as súas compras e, complementariamente, en varios mercados se prevén alzas de prezos ao longo de 2024. Analizando as tendencias das solicitudes diarias de corta en montes privados nos anos 2022 e 2023, é evidente

FACTURACION DA CADEA PRINCIPAL DE VALOR FORESTAL-MADEIRA






Figura 39 Evolución da facturación estimada da cadea de valor Forestal Madera por subsectores (M€)



## O ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL COMO INDICADOR DE ACTIVIDADE

O Índice de Producción Industrial (IPI) é unha medida da actividade económica do sector industrial dun país. Calcúlase como a variación porcentual do volume de produción no sector industrial nun período de tempo determinado en relación co mesmo período dun ano anterior.

Figura 40 Evolución do IPI Xeral en España e Galicia 2004-2023\*



valores mensuais e media móbil de 6 meses

Figura 41 Evolución do IPI Xeral e IPI CNAEs 16/17/31 en Galicia 2004-2023\*




Figura 42 Evolución do IPI CNAE-16 en España e Galicia 2004-2023\*




Figura 43 Evolución do IPI CNAE-16 en España e Galicia 2019-2023\*




Figura 44 Evolución do IPI CNAE-17 en España e Galicia 2004-2023\*




Figura 45 Evolución do IPI CNAE-17 en España e Galicia 2019-2023\*






Figura 46 Evolución do IPI CNAE-31 en España e Galicia 2004-2023\*





Figura 47 Evolución do IPI CNAE-31 en España e Galicia 2004-2023\*




## EMPREGO

As catro ramas principais da cadea de valor superan en 2023 os **19.000 afiliados** na seguridade social. Esta cifra é conservadora xa que á mesma habería que lle engadir os profesionais autónomos e todos aqueles que teñen a afiliación á Seguridade Social vencellada a algunha das ramas non principais da cadea como a produción de enerxía, o transporte, a construción, etc.

Na avaliación da última década é significativo comprobar como a estacionalidade no emprego (especialmente no CNAE 02 – silvicultura e explotación forestal) foise reducindo.

Tamén é importante salientar que malia a haber recuperado en facturación niveles superiores aos que tiñas o sector antes da crise financeira de 2007, os niveles de emprego, particularmente nos CNAE-16 a 31 nunca chegaron a recuperarse ata aquelas cifras.


Figura 48 Galicia: Afiliacións á Seguridade Social último día do mes segundo ramas da CNAE 2009




Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social <sup>4</sup>

<sup>4</sup> Os datos ata 30.11.2021 están referidos ao último día hábil do mes. A partir de 1.12. 2021 están referidos ao último día natural do mes. A partir do 1.01.2012, os traballadores por conta allea do Réxime Especial Agrario pasan a integrarse no Réxime Xeral, como un Sistema Especial para Traballadores por Conta Allea Agrarios, de acordo ao establecido na Lei 28/2011 do 22 de setembro. O Réxime Xeral non inclúe aos réximes especiais Agrario Conta Allea.


**Figura 49 Gráfico acumulado de Afiliacións á S. Social CNAE 02 por provincias**




**Figura 50 Gráfico acumulado de Afiliacións á S. Social CNAE 16 por provincias**



**Figura 51 Gráfico acumulado de Afiliacións á S. Social CNAE 17 por provincias**




**Figura 52 Gráfico acumulado de Afiliacións á S. Social CNAE 31 por provincias**




**COMERCIO EXTERIOR**

**Figura 53 Evolución acumulada das exportacións GALICIA 1995-2022 por código TARIC (miles de €)**



**Figura 54 Evolución da composición das exportacións de Galicia 1995-2022 (M€)**





Centro de Saúde de O Porriño ( Axencia Galega da Industria Forestal)

# NOTAS SOBRE MERCADOS 2022-23\*

## NOTAS SOBRE MERCADO DOS PRODUTOS FORESTAIS 2022-2023\*

## ASPECTOS XERAIS

Segundo o informe de UNECE-FAO, o crecemento económico na área UNECE<sup>5</sup> desacelerou notablemente en 2022, xa que a recuperación pospandémica perdeu forza baixo o impacto de múltiples factores negativos, particularmente a invasión de Ucraína por parte de Rusia. Agárdase que o ritmo de expansión económica na rexión seguirá desacelerándose en 2023, con taxas de crecemento en 2024 que permanecerán ben por debaixo dos niveis pre-pandémicos medios. O cambio a taxas de interese máis altas pode levar a tensións financeiras e expoñer vulnerabilidades existentes. As tensións xeoestratéxicas seguen a complicar as perspectivas económicas na rexión.

Os principais países, en termos de produción global, experimentaron unha acusada desaceleración do crecemento que se iniciara en 2021. A guerra provocou problemas de subministración de produtos enerxéticos, materias primas e alimentos, que sufriron importantes aumentos nos seus prezos, levando a inflación a niveis pouco habituais neste século.

A inflación deu lugar a un descenso tan notable dos tipos de interese reais que provocou a decisión simultánea da Reserva Federal e do Banco Central Europeo de levar a cabo sucesivas subidas nos tipos de interese nominais. O conflito tamén incrementou as desigualdades internacionais debido á diferente capacidade dos gobernos para aplicar medidas paliativas ante as dificultades creadas.

Na economía española, o crecemento foi do 5,5% en 2022, superando as expectativas tras o inicio da guerra, cunha desaceleración máis marcada na segunda metade do ano. As compoñentes da demanda con mellor comportamento en España en 2022 foron o consumo e as exportacións netas. A inflación e os prezos dos produtos enerxéticos tiveron unha evolución máis moderada en España en comparación coa maioría dos países do seu contorno. O crecemento económico en España foi acompañado por datos positivos no mercado de traballo, con aumentos tanto no emprego como nos postos de traballo a finais do ano.

A construción e venda de vivendas na rexión da UNECE estiveron contidas en 2022. O interese dos inversores no sector residencial europeo segue a ser contido. Os mercados de vivendas no leste de Europa, Cáucaso e Asia Central son indeterminados debido á guerra en Ucraína. A vivenda residencial en Norteamérica parece ter tocar fondo en 2022 e aínda que a recuperación completa está lonxe experimentaron mellora en 2023.


O Regulamento da Unión Europea sobre produtos sen deforestación (EUDR) entrou en vigor e os seus efectos aínda están por observarse.

A área de bosques certificados na rexión da UNECE diminuíu en un 18,5% en 2022 aos niveis máis baixos en máis dunha década. A suspensión da certificación forestal na Federación Rusa e en Belarús foi o principal, aínda que non o único, factor da perda de área forestal certificada na rexión da UNECE.

---

<sup>5</sup> A Comisión Económica para Europa das Nacións Unidas (UNECE ou ECE en inglés) ten 56 estados membros. Ademais dos países europeos, inclúe EEUU, Canadá, Israel, Turquía e as repúblicas de Asia Central. En particular os países membros son: Albania, Alemaña, Andorra, Armenia, Austria, Acerbaixán, Bielorrusia, Bélxica, Bosnia e Herzegovina, Bulgaria, Canadá, Croacia, República Checa, Chipre, Dinamarca, Eslovaquia, Eslovenia, España, Estados Unidos, Estonia, Finlandia, Francia, Xeorxia, Grecia, Hungría, Islandia, Irlanda, Israel, Italia, Casaquistán, Kirguizistán, Letonia, Liechtenstein, Lituania, Luxemburgo, Macedonia do Norte, Malta, Moldavia, Mónaco, Montenegro, Noruega, Países Baixos, Polonia, Portugal, Reino Unido, Romanía, Rusia, San Marino, Serbia, Suecia, Suíza, Taxiquistán, Turquía, Turkmenistán, Ucraína e Uzbekistán.

Figura 55 Evolución da área mundial baixo certificación forestal 2013-2023\*



2023\* Datos de área de dobre certificación corresponde a ano 2022, área certificada por esquema corresponde a ano de 2023.  
Fontes: FSC, 2023a; PEFC, 2023a, 2023b; UNECE/FAO, 2022.

## MADEIRA ASERRADA DE CONIFERAS

Despois de resultados excepcionalmente bos en 2021, a produción e o consumo de madeira aserrada de coníferas descendieron en toda a rexión UNECE un 2,4% e un 3,4% respectivamente en 2022. A demanda de fóra da devandita rexión, como o norte de África e Oriente Medio, Xapón e China creceu modestamente, e as exportacións netas de madeira aserrada de coníferas da rexión UNECE aumentaron un 1,6 % ata os 50 millóns de m<sup>3</sup> en 2022.

Para 2023 os países europeos presentaron previsións de reducións no consumo de madeira aserrada de coníferas. Isto débese en gran medida á desaceleración do sector da construción, afectado negativamente pola suba dos tipos de interese, o aumento dos custos enerxéticos e as dificultades para atopar man de obra. Así mesmo, o consumo de coníferas no sector de envases e palets tamén se viu afectado pola redución das exportacións e a menor actividade nas transaccións comerciais.

Así, Francia prevé unha caída do consumo superior ao 10%, Italia presentou cifras similares e Bélxica e Holanda estiman as caídas para este ano en torno ao 7%. Un caso aparte é Alemaña, ao bordo da recesión cunha previsión de descenso superior ao 14% e unha caída adicional do 11% para 2024.

As cifras que a AEIM presentou para España sobre as madeiras aserradas de coníferas en Europa reflicten unha caída superior ao 2% do consumo e unha baixa algo menor, superior ao 1,8% das importacións.

A produción de madeira aserrada de coníferas en Europa mantívose forte en 2022, a pesar dunha caída do 2,9 % ata os 115,2 millóns de m<sup>3</sup> en comparación con 2021 pero aínda por riba das cifras de 2020. En 2022, todos os grandes produtores reduciron a produción, supoñendo Alemaña (-1 millón de m<sup>3</sup>) e Finlandia (-0,7 millóns de m<sup>3</sup>) máis da metade do descenso total. A demanda europea debilitouse substancialmente nun 7,2 % en 2022 e foi a máis baixa dos últimos cinco anos. Dous dos mercados máis importantes, Alemaña e Reino Unido, rexistraron importantes caídas no consumo: 2,8 millóns de m<sup>3</sup> (-14%) e 2,6 millóns de m<sup>3</sup> (-23,4%), que supoñen máis da metade do descenso total do mercado.

O maior produtor de coníferas de Europa, Alemaña, é o que presentou cifras de maior descenso da produción, cun descenso do 12% para este ano e un descenso adicional do 8% para 2024. Os países nórdicos prevén lixeiros descensos na produción. Así, Suecia só un 2%, dada a fortaleza deste país nalgúns



mercados, especialmente os Estados Unidos. O descenso da produción en Finlandia é algo maior, preto do 6% (e un 5% adicional para 2024). Francia presentou cifras de produción similares.

A demanda de madeira de coníferas en Europa seguirá sendo moderada durante 2024 e espérase que se active en 2025. Non obstante, as perspectivas da madeira, como material de vangarda para a construción sostible e outros usos, son moi positivas.

Os mercados exteriores tiveron un rendemento moito mellor en comparación cos países europeos, o que provocou un aumento das exportacións netas de Europa en 4,0 millóns de m<sup>3</sup> (+26,5%). En 2022, a demanda de madeira serrada europea foi especialmente forte nos Estados Unidos e o norte de África en comparación con 2021.

As exportacións de madeira aserrada da Federación Rusa diminuíron un 17 % ata os 4.500 millóns de dólares en 2022. Esta caída foi causada polas restricións ás importacións impostas pola UE, o seu segundo socio comercial despois de China, como reacción á guerra de Ucraína. A demanda china de madeira aserrada de coníferas rusa tamén foi máis débil en 2022 debido aos problemas de COVID, as incertezas en torno á crise do mercado inmobiliario chinés e o exceso de oferta dos países *offshore*.

O consumo de madeira aserrada nos Estados Unidos mantivo o nivel elevado desde 2021 con 87,9 millóns de m<sup>3</sup>, o nivel máis alto dos últimos 15 anos. O consumo aparente canadense baixou un 9,5%. Esta caída do consumo foi impulsada principalmente pola menor actividade de rehabilitación e remodelación derivada da subida dos tipos de interese e a escasa demanda do exterior, que provocou que as exportacións netas tamén caian un 9,5%. A produción norteamericana de madeira de conífera aserrada diminuíu un 3,1 % ata os 100,4 millóns de m<sup>3</sup> en 2022. Esta tendencia foi impulsada principalmente pola evolución do Canadá, onde a produción caeu un 9,5 % ata os 36,4 millóns de m<sup>3</sup>, o segundo nivel máis baixo desde 1984. Produción no Estados Unidos aumentou un 1%.

En 2023, o mercado dos Estados Unidos vive unha situación positiva, debido á reactivación do mercado da vivenda e doutros sectores demandantes de madeira de coníferas. Moitos analistas prognostican unha recuperación global dos prezos en 2024.

Figura 56 Evolución histórica do prezo da madeira serrada nos EE.UU. 1980-2022



Figura 57 Evolución do prezo da madeira serrada nos EE.UU. 2020-2023\*



## MADEIRA ASERRADA DE FRONDOSAS

O ano 2021 mostrou unha forte recuperación do mercado de frondosas serradas global. Esta tendencia positiva durou ata mediados de 2022, cando as tendencias positivas do mercado cambiaron en toda a rexión UNECE. O consumo de frondosas aserradas baixou no segundo semestre de 2022, o que provocou a contracción do consumo anual un 3,3% ata os 30,3 millóns de m<sup>3</sup>. En consecuencia, os mercados retrocederon case ata os niveis históricos máis baixos do ano COVID 2020. A produción de madeira aserrada na rexión UNECE baixou un 2,7% ata os 35,5 millóns de m<sup>3</sup>.

A produción e o consumo de madeira aserrada de frondosas europea diminuíron un 8,8% e un 8,9% ata os 13,4 e 12,9 millóns de m<sup>3</sup> en 2022. Todos os grandes países produtores como Francia, Alemaña, Romanía e Turquía rexistraron importantes descenso na produción. Croacia, a única excepción dos principais países produtores, aumentou a produción nun 9,4%. Algúns dos pequenos produtores, como Austria, Estonia e Eslovaquia, tamén tiveron lixeiros aumentos da produción.

As empresas transformadoras de madeira de carballo en Europa enfrontáronse a unha dura competencia pola materia prima, especialmente por parte dos compradores de China, o que provocou prezos elevados para os troncos de serra. Os serradoiros especializados na produción de madeira de faia enfrontáronse ao problema crecente de falta de calidade nos troncos de faia Europea, probablemente causados polas secas dos últimos cinco anos.

A Federación Rusa é, con diferenza, o principal produtor (75%) de madeira aserrada entre os países de Europa Oriental, Cáucaso e Asia Central. O 15% da produción restante na subrexión sitúase en Bielorrusia e Ucraína. En xeral, o valor da madeira de frondosas exportada pola Federación Rusa e Bielorrusia contraeu 74 millóns de dólares (un descenso do 16 % interanual) e 52 millóns de dólares (un descenso do 61 % interanual) en 2022. O valor das exportacións de madeira dura aserrada de Ucraína aumentou en 2022 un 4% ata 6 millóns de dólares en 2022.

A produción de madeira aserrada norteamericana aumentou en 328.000 m<sup>3</sup> ou un 1,8% entre 2021 e 2022. Aínda que o consumo global de madeira de frondosas aumentou durante o ano, o segundo semestre de 2022 experimentou un descenso na demanda de madeira aserrada de maior valor.

## TABOLEIRO

A produción de taboleiros de madeira na rexión da UNECE diminuíu nun 3,3% en 2022, situándose en 147,1 millóns de m<sup>3</sup>, con 52,6% producido en Europa, 30,6% en América do Norte e 16,8% no leste de Europa, Cáucaso e Asia Central.

A produción europea de paneis a base de madeira diminuíu un 5,1 % ata os 77,4 millóns de m<sup>3</sup> en 2022 debido á crise enerxética en Europa e ás súas consecuencias sobre a confianza dos consumidores e a situación económica xeral. O noventa por cento da caída da produción produciuse no segundo semestre de 2022 e reflectiu o descenso da produción de mobles e construción. O resultado total para 2022 aínda é un 5% superior ao de 2019, antes do COVID.

Os países do leste de Europa, Cáucaso e Asia Central incrementaron as importacións de paneis de madeira procedentes de Belarús e da Federación Rusa na segunda metade de 2022.

O consumo de paneis de madeira foi xeralmente a baixa ou estabilizado en todos os principais segmentos de uso final nos Estados Unidos e Canadá.

As perspectivas a longo prazo para os paneis de madeira europeos permanecen favorables grazas ao apoio político a programas como o Pacto Verde Europeo, a Onda de Renovación Europea e o Nova Bauhaus Europea.

Despois da prohibición de importación dos Estados membros da UE de produtos procedentes de Bielorrusia e da Federación Rusa, a produción de OSB e contrachapado de Bielorrusia foi a máis afectada xa que se produciu case exclusivamente para socios comerciais europeos, e a exportación de madeira contrachapada rusa se contraeu preto dun 70%.

As tendencias no consumo de paneis estruturais a base de madeira en América do Norte foron negativas en case todos os principais mercados de uso final. En conxunto, o consumo agregado de paneis de madeira diminuíu un 7,6% no mercado da construción residencial, un 1,2% no mercado industrial, un 5,3% no non residencial e mantívose inalterado no mercado da rehabilitación.

Neste contexto, os prezos están estabilizándose a baixa no MDF mentres que o aglomerado e sobre todo o taboleiro de melamina de deseño resisten á baixada de prezos. O OSB practicamente tocou fondo.

No contrachapado están a importarse produtos alternativos ao bidueiro ou ao chopo. O prezo do contrachapado de chopo cae abruptamente mentres que o de bidueiro da UE segue aguantando a pesar das importacións desde Xeorxia, Turquía e outras procedencias que segundo algunhas fontes poderían ser legalmente dubidosas por estar enmascarando madeira rusa afectada polas sancións da UE.

## CELULOSA E PAPEL

A industria mundial de pasta de papel, papel e cartón viuse afectada de forma significativa pola pandemia de COVID-19. A escaseza de traballadores, a loxística do transporte e a adaptación a un entorno socioeconómico cambiante durante o período 2020-2022 foron todas transformadoras para o sector. Nos últimos tres anos, a capacidade de celulosa aumentou significativamente fóra de Europa e Norteamérica, mentres que en ditas rexións seguen a pechar fábricas de papel debido aos cambios de hábitos de consumo.

A produción total de papel e cartón en Europa caeu un 4,5 % en 2022 ata os 92,6 millóns de toneladas afectada polos altos prezos da enerxía e das materias primas. O consumo aparente de papel e cartón aumentou un 0,3% en 2022 ata os 86,8 millóns de toneladas, xa que o mercado estaba emerxendo dos efectos inducidos pola pandemia.

A produción europea de pasta de madeira en 2022 baixou un 1,5% ata os 39,3 millóns de toneladas, que no caso da pasta química supuxo un descenso do 1,9%. Os peches de máquinas de papel e cartón producíronse en 2022 e no primeiro semestre de 2023, mentres que a maioría das fábricas integradas (fábricas de papel que producen a súa propia pasta de papel no lugar) mantiveron operando as súas liñas de pasta para vender tonelaxe no mercado.


A produción de pasta de madeira de América do Norte en 2022 caeu un 1,1% ata os 63,9 millóns de toneladas, e as calidades químicas baixaron un 0,6% ata os 52,2 millóns de toneladas. Ademais, en América do Norte, mentres que as máquinas de papel e cartón tiveron un tempo de inactividade relacionado co mercado en 2022, e algunhas fábricas pecharon permanentemente, moitas fábricas continuaron executando as súas liñas integradas de pasta de papel, vendendo así tonelaxe no mercado.

O crecemento da demanda de celulosa durante 2022 foi do 1,3% interanual (equivalente a 0,9 millóns de toneladas), con aumentos en todos os mercados excepto en China, onde a demanda se moderou un 1,9% interanual (-0,4 millóns de toneladas) afectada por Restricións relacionadas co COVID. A demanda de celulosa en Europa creceu un 0,8% (0,2 millóns de toneladas) e un 0,3% en Norteamérica, mentres que no resto do mundo a demanda aumentou un 7% (1,1 millóns de toneladas). Por outra banda, a oferta de pasta no mesmo período viuse limitada principalmente pola interrupción das exportacións de madeira de Rusia ao norte de Europa e polo atraso na posta en marcha de nova capacidade. O crecemento das restricións de demanda e oferta, xunto co aumento xeral dos custos de produción, fixo que o prezo da fibra curta (BHKP) alcanzara os 1.380 dólares brutos por tonelada en Europa e os 860 dólares netos por tonelada en China durante o cuarto trimestre.

A demanda mundial de celulosa acumula un crecemento do 1,6% durante os oito primeiros meses de 2023, tras a forte recuperación rexistrada durante o terceiro trimestre. A demanda de celulosa en China acumulou un crecemento interanual do 22,9%, favorecida polo fin das restricións relacionadas co Covid e a recuperación das existencias na súa industria papeleira. Pola súa banda, a demanda de celulosa en Occidente acumulou un descenso do 15,2%, principalmente como consecuencia da redución de existencias na súa industria papeleira.


Neste contexto, o prezo da celulosa tocou fondo en dólares brutos por tonelada no mes de agosto. O prezo medio de referencia da fibra curta (BHKP) en Europa foi un 24% menor que no trimestre anterior e un 38,7% menos que no mesmo período de 2022. A partir de outubro o prezo estase a recuperar e os principais produtores anunciaron aumentos adicionais a partir de novembro.

Figura 58 Variación interanual da demanda global de celulosa 2018-2023\* (miles de toneladas)



Fonte: ENCE 3T23

Figura 59 Evolución e previsión do prezo medio da celulosa (€/t)



Fonte: ENCE 3T23


**BIOENERXÍA / BIOMASA**

A crise xeopolítica e as sancións da UE contra Rusia fixeron de 2022 un ano excepcional para o mercado de pellets. O prezo dos pellets creceu significativamente debido ás interrupcións do fluxo de Rusia, Bielorrusia e Ucraína. Respondendo a esta escaseza de subministración, moitos países da UE reduciron as súas exportacións de pellets e abriron un total de 55 novos centros de produción. Dese xeito, en 2022, Europa, con 23,5 millóns de toneladas métricas (e un aumento respecto 2021 do 1,1% ), liderou a produción mundial de pellets de madeira, seguido de 13,6 millóns de toneladas producidas en América do Norte (cun aumento respecto a 2021 do 8,7%). O 70% dos pellets de madeira producidos na rexión UNECE teñen como destino a exportacións. Excepto Xapón e Corea do Sur, os pellets de madeira son importados case exclusivamente polos Estados Europeos debido aos favorables marcos políticos de incentivo da bioenerxía.

Só os Estados Unidos aumentaron a produción un 12,8% ata 1,1 millóns de toneladas métricas en 2022. Debido á diminución do consumo, o país puido aumentar as exportacións en 1,5 millóns de toneladas métricas. Canadá tamén aumentou as súas exportacións nun 10% (0,3 millóns de toneladas métricas). O Reino Unido, o maior consumidor de pellets de madeira do mundo, reduciu significativamente a importación nun 16,6%, (1,5 millóns de toneladas). A combinación destas tendencias permitiu aos produtores europeos de enerxía de biomasa substituír en gran medida os pellets de madeira que antes eran importados de Bielorrusia e da Federación Rusa, posto que xa non estaban dispoñibles no segundo semestre de 2022 debido ás sancións impostas pola UE.

As medidas de regulación dos prezos da enerxía, o final da campaña invernal de acopio, a aparición no mercado de pellet de probable orixe ruso comercializada a través doutros países como vía para evitar as sancións, entre outros factores fixeron que a mediados do 2023 os prezos xa foran similares aos previos á guerra en Ucraína.


Figura 60 Evolución prezo dos pellets de madeira (€/t)



Fonte: HeizPellets24.de

En canto á produción eléctrica, hai que ter en conta que o prezo medio do mercado eléctrico diario (pool) baixou ata os 96,6 €/MWh no terceiro trimestre e ata os 91,5 €/MWh nos nove primeiros meses de 2023; o que supón un 34% e un 50,8% menos que nos mesmos períodos de 2022.

Figura 61 Comparación prezos electricidade 2022-2023 para varios países europeos



## O DESAFÍO DE ADAPTAR A CADEA FORESTAL-MADEIRA AO CAMBIO CLIMÁTICO.

# RESONATE

Resilient Forests for Society

Todo o mundo percibe que as ameazas aos bosques están a aumentar debido ao cambio climático. Non obstante, a atención prestada á mellora da resiliencia dos bosques e das súas cadeas de valor asociadas é menor. Precisamente iso é o que estamos a abordar 20 entidades de 12 países europeos no proxecto **RESONATE**<sup>6</sup>, financiado pola Comisión Europea. RESONATE ten como obxectivo xerar o coñecemento e as prácticas necesarias para facer que os bosques europeos, os servizos que ofrecen e as actividades económicas relacionadas sexan máis resistentes ao cambio climático e ás novas demandas da sociedade.

### A vulnerabilidade do sector ante o cambio climático.

O Panel Intergubernamental sobre Cambio Climático (IPCC) chegou á conclusión de que o clima do planeta está a experimentar cambios significativos, algúns dos cales xa son inevitables e duradeiros. Por conseguinte, a adaptación vólvese crucial para enfrontar este desafío, xa que a mitigación por si só xa non é suficiente.

O aumento de eventos climáticos extremos, as fluctuacións nas temperaturas e nas precipitacións, e a alteración da distribución de especies vexetais e animais son só algunhas das manifestacións do cambio climático. Un dos sectores máis afectados por este fenómeno é o forestal, que experimenta múltiples presións que van dende danos por insectos e patóxenos ata fenómenos meteorolóxicos extremos, incendios forestais e cambios na composición de especies e diversidade dos bosques.

Non obstante, os impactos do cambio climático non se limitan, nin moito menos, aos ecosistemas forestais; a súa influencia esténdese ás persoas e aos sectores económicos que deles dependen. Un dos sectores máis directamente afectados é o da industria da madeira, que enfronta ameazas ás operacións, á cadea de valor e, en última instancia, á economía e á infraestrutura no seu conxunto. A incerteza e a complexidade destes impactos fan que as estratexias baseadas en enfoques e tendencias históricas sexan cada vez menos efectivas.

A adaptación ao cambio climático e a definición de obxectivos apropiados requiren un coñecemento profundo, debate público e diálogo. Ademais de presentar ameazas, o cambio climático tamén xera oportunidades, como a prolongación dos períodos de crecemento vexetativo en certas zonas. Por outra banda, é importante destacar que as políticas de mitigación e adaptación ao cambio climático poden ter efectos indirectos nas operacións comerciais, xa que regulan prezos e dispoñibilidade de enerxía, o que pode impactar toda a cadea de valor.

### Prevenção cambios significativos na demanda de madeira a nivel mundial

Prevese un aumento significativo na demanda global de madeira. Este cambio atribúese a unha serie de factores interconectados, como a globalización económica, o avance tecnolóxico, as políticas medioambientais e o énfase nas enerxías renovables e na transición ecolóxica. A súa versatilidade e capacidade para substituír materiais non renovables convértena nun recurso valioso na loita contra o cambio climático e na creación de cadeas de valor innovadoras. Neste escenario, a xestión sostible dos recursos forestais vólvese esencial, xa que o aumento na demanda de madeira suscita preocupacións sobre o esgotamento dos recursos e a débeda de carbono.

O cambio climático impactará na saúde laboral, na economía global e nas cadeas de subministración.

A saúde dos traballadores é un dos aspectos máis afectados polo cambio climático. O aumento das temperaturas e da humidade, impulsado por este fenómeno, exerce unha influencia substancial na saúde

---

<sup>6</sup> Ver: <https://resonateforest.org/>



ocupacional e na produtividade. Segundo o Instituto Global McKinsey, en escenarios de cambio climático máis extremos, os países cálidos e húmidos poderían experimentar unha perda de capacidade de traballo en actividades ao aire libre de ata un 15% entre hoxe e 2050 por este motivo.

O aumento das temperaturas, ademais, pode condicionar gravemente os aproveitamentos forestais mecanizados durante os meses de inverno en países boreais por falta de condicións portantes para un terreo que xa non se atopa conxelado.

O cambio climático tamén ameaza activos materiais e infraestruturas críticas, converténdose nunha ameaza para a estabilidade financeira. Inundacións, incendios forestais, furacáns e outros eventos climáticos extremos deixan unha pegada profunda nas instalacións e equipamentos críticos en todo o mundo. O custo estimado do dano causado por inundacións espera que alcance cifras alarmantes, e eventos climáticos extremos de baixa probabilidade poderían resultar en perdas masivas.

### Como preparar á industria da madeira.

Diversos estudos sinalan que é crucial implementar estratexias proactivas para anticipar e reducir impactos negativos. Entre as estratexias posibles pódense citar:

1. Incentivos Económicos e extensión forestal para a xestión forestal sostible adaptativa.
2. Optimizar o uso da madeira, xerando o maior valor posible coa madeira de menor calidade.
3. Desenvolvemento e valoración do Potencial de Secuestro de Carbono en Produtos de Madeira. Documentar adecuadamente o ciclo de vida e a pegada de carbono dos produtos.
4. Adaptación da Cadea de Subministración ao Cambio Climático. Cara a unha Cadea de Subministración Sostible e Eficiente, seleccionando provedores tendo en conta os seus plans de adaptación e estratexias de resiliencia ao cambio climático.
5. Diversificación da gama de produtos e materias primas. Desenvolvemento de Cadeas de Valor Innovadoras.
6. Inversión sostenida en innovación, investigación e transferencia de resultados que melloren tanto a produtividade forestal como a adaptación ao cambio climático.
7. Participar activamente en redes e asociacións permite respostas anticipadas aos retos de adaptación.
8. Contribuír á divulgación de información forestal e á educación para os consumidores pode axudalos a considerar os beneficios para a xestión forestal e a loita contra o cambio climático na súa decisión de compra. Aquí, a certificación forestal xoga un papel clave.
9. As Tecnoloxías da Información e Comunicacions son un Aliado na Descarbonización e na mellora de eficiencia e na relación coas administracións e consumidores. Impulsar a dixitalización tamén é adaptarse ao cambio climático.

Prepararse para o descoñecido nunca é tarefa fácil, pero deixar pasar o tempo sen abordar aqueles aspectos que, hoxe en día, xa sabemos que son unha debilidade, é simplemente suicida. A madeira vai xogar un papel aínda máis destacado no noso futuro, pero para aproveitar esta oportunidade debemos estar preparados para iso.

## ÍNDICE DE TÁBOAS

Táboa 1 Galicia: Resumo de aproveitamentos Forestais 2022 e 2023*.....	4
Táboa 2 Galicia: Total cortas 2022 por especie e distrito forestal (m <sup>3</sup> ) .....	6
Táboa 3 Galicia: Porcentaxe cortas xestión pública sobre o total por especie e distrito 2022 (m <sup>3</sup> ).....	7
Táboa 4 Galicia: Cortas xestión pública 2022 por especie e distrito forestal (m <sup>3</sup> ) .....	8
Táboa 5 Galicia: Cortas xestión pública 2023* por especie e distrito forestal (m <sup>3</sup> ).....	8
Táboa 6 Galicia: Diferencias cortas xestión pública 2022 e 2023* por especie e distrito forestal (m <sup>3</sup> ) .....	8
Táboa 7 Galicia: Cortas privadas 2022 por especie e distrito forestal (m <sup>3</sup> ) .....	9
Táboa 8 Galicia: Cortas privadas 2023* por especie e distrito forestal (m <sup>3</sup> ) .....	9
Táboa 9 Galicia: Diferencias cortas privadas 2022 e 2023* por especie e distrito forestal (m <sup>3</sup> ).....	9
Táboa 10 Galicia: Evolución das cortas privadas de madeira por distrito forestal e ano respecto 2018 ...	10
Táboa 11 Galicia: Cortas publicas 2022 por distrito forestal e modo adxudicación (m <sup>3</sup> ).....	10
Táboa 12 Expedientes de solicitude de corta privada segundo a afección sectorial existente. 2022 .....	11
Táboa 13 Top 20 Concellos en Cortas de Madeira privada en 2022 e tendencia respecto 2018-2021 .....	12
Táboa 14 Distribución das cortas privadas por grao de urbanización .....	15
Táboa 15 Volume (m <sup>3</sup> ) das solicitudes segundo o tipo de persoa que corta e a especie 2021 .....	35
Táboa 16 Características das persoas xurídicas que solicitan aproveitamentos forestais (2021).....	35
Táboa 17 Volume (m <sup>3</sup> ) das solicitudes de corta segundo o tipo de persoa que corta e a especie. 2021 ....	35
Táboa 18 Valor da produción anual en bens e servizos das masas arborizadas galegas .....	41
Táboa 19 Aproximación ao valor das masas arborizadas galegas .....	41
Táboa 20 Distribución do valor en compoñentes considerados polo proxecto V.A.N.E. ....	41

**ÍNDICE DE FIGURAS**

Figura 1 Evolución anual aproveitamentos totais (m <sup>3</sup> ).....	5
Figura 2 Evolución anual aproveitamentos en montes de xestión pública (m <sup>3</sup> ).....	5
Figura 3 Evolución anual aproveitamentos en montes de xestión privada (m <sup>3</sup> ).....	6
Figura 4 Expedientes de solicitude de corta privada segundo o tipo. 2023*.....	11
Figura 5 Curva de Lorenz das cortas de madeira privada 2018-2021 por concello.....	13
Figura 6 Curva de Lorenz das cortas de madeira privada 2022-2023* por concello.....	13
Figura 7 Mapa de Concellos segundo o seu grado de urbanización (IGE).....	14
Figura 8 Evolución das cortas privadas por grao de urbanización 2018-2023*.....	15
Figura 9 Mapa de parcelas catastrais con solicitudes de corta 2018-23*.....	16
Figura 10 Detalle do mapa de solicitudes de corta xeorreferenciadas 2018-2023* Cerdido(C).....	18
Figura 11 Detalle dun exemplo de concentración de solicitudes de corta en Dodro (C) 2023*.....	18
Figura 12 Galicia: Mapas de calor ponderado das cortas privadas 2018-21, 2022 e 2023*.....	19
Figura 13 Galicia: Mapas de calor ponderado das cortas privadas de pino e eucalipto 2022.....	19
Figura 14 Cortas privadas: “centro de gravidade” das cortas e evolución 2018 – 2023*.....	20
Figura 15 Desprazamento do centro de gravidade das cortas privadas 2018-2023*.....	21
Figura 16 Parcela que contería o centro de gravidade das cortas ponderadas de madeira 2023*.....	21
Figura 17 Cortas privadas 2023* : “centro de gravidade” por grupo de especies.....	22
Figura 18 Galicia: Distribución xeográfica das cortas privadas de <i>Eucalyptus globulus</i> (2022-23*).....	23
Figura 19 Galicia: Distribución xeográfica das cortas privadas de <i>Eucalyptus nitens</i> (2022-23*).....	24
Figura 20 Galicia: Distribución xeográfica das cortas privadas de “outros eucaliptos” (2022-23*).....	25
Figura 21 Galicia: Distribución xeográfica das cortas privadas de <i>Pinus pinaster</i> (2022-23*).....	26
Figura 22 Galicia: Distribución xeográfica das cortas privadas de <i>Pinus radiata</i> (2022-23*).....	27
Figura 23 Galicia: Distribución xeográfica das cortas privadas de <i>Pinus sylvestris</i> (2022-23*).....	28
Figura 24 Galicia: Distribución xeográfica das cortas privadas de <i>Outras coníferas</i> (2022-23*).....	29
Figura 25 Galicia: Distribución xeográfica das cortas privadas de <i>Fronosas caducifolias</i> (2022-23*).....	30
Figura 26 Galicia: Distribución xeográfica das cortas de <i>Outras Fronosas Perennifolias</i> (2022-23*).....	31
Figura 27 Cortas privadas: análise temporal das solicitudes diarias de corta 2022-2023*.....	32
Figura 28 Cortas privadas: análise temporal provincial das solicitudes diarias de corta 2022-2023*.....	33
Figura 29 Cortas privadas: diferenza 2022-2023* en volume mensual solicitado por provincias.....	33
Figura 30 Análise temporal de volume de solicitudes de corta por grupo de especies 2022-23*.....	34
Figura 31 Análise temporal de volume de solicitudes de corta por especies 2022-23*.....	34
Figura 32 Volume dos aproveitamentos forestais por concello e corta de residentes no mesmo 2021.....	36
Figura 33 Volume dos aproveitamentos forestais por concello e corta de residentes 2021 (detalle).....	36
Figura 34 Curva de Lorenz das cortas de madeira por maderista 2018-2021 e 2022-2023*.....	37
Figura 35 Cortas privadas: clasificación de maderistas segundo especies cortadas 2022.....	38
Figura 36 Cortas privadas: “centro de gravidade” das solicitudes por maderista 2023*.....	39
Figura 37 Cortas privadas: envolvente das solicitudes por maderista 2023*.....	39
Figura 38 Evolución da facturación estimada da cadea de valor Forestal Madera por subsectores (M€).....	44

Figura 39 Evolución da facturación estimada da cadea de valor Forestal Madera por subsectores (M€)	44
Figura 40 Evolución do IPI Xeral en España e Galicia 2004-2023*	45
Figura 41 Evolución do IPI Xeral e IPI CNAEs 16/17/31 en Galicia 2004-2023*	45
Figura 42 Evolución do IPI CNAE-16 en España e Galicia 2004-2023*	46
Figura 43 Evolución do IPI CNAE-16 en España e Galicia 2019-2023*	46
Figura 44 Evolución do IPI CNAE-17 en España e Galicia 2004-2023*	47
Figura 45 Evolución do IPI CNAE-17 en España e Galicia 2019-2023*	47
Figura 46 Evolución do IPI CNAE-31 en España e Galicia 2004-2023*	48
Figura 47 Evolución do IPI CNAE-31 en España e Galicia 2004-2023*	48
Figura 48 Galicia: Afiliacións á Seguridade Social último día do mes segundo ramas da CNAE 2009	49
Figura 49 Gráfico acumulado de Afiliacións á S. Social CNAE 02 por provincias	50
Figura 50 Gráfico acumulado de Afiliacións á S. Social CNAE 16 por provincias	50
Figura 51 Gráfico acumulado de Afiliacións á S. Social CNAE 17 por provincias	51
Figura 52 Gráfico acumulado de Afiliacións á S. Social CNAE 31 por provincias	51
Figura 53 Evolución acumulada das exportacións GALICIA 1995-2022 por código TARIC (miles de €)	52
Figura 54 Evolución da composición das exportacións de Galicia 1995-2022 (M€)	52
Figura 55 Evolución da área mundial baixo certificación forestal 2013-2023*	55
Figura 56 Evolución histórica do prezo da madeira serrada nos EE.UU. 1980-2022	56
Figura 57 Evolución do prezo da madeira serrada nos EE.UU. 2020-2023*	57
Figura 58 Variación interanual da demanda global de celulosa 2018-2023* (miles de toneladas)	60
Figura 59 Evolución e previsión do prezo medio da celulosa (€/t)	60
Figura 60 Evolución prezo dos pellets de madeira (€/t)	61
Figura 61 Comparación prezos electricidade 2022-2023 para varios países europeos	62

## INFORMACIÓN DE CONTACTO

Juan Picos (coord.)

Escola de Enxeñaría Forestal de Pontevedra  
Campus Universitario de Pontevedra - A Xunqueira s/n  
36005 Pontevedra

**Tel.** +34 986 80 1900 / 47

**Fax** +34 986 80 19 07

**Email:** [jpicos@uvigo.es](mailto:jpicos@uvigo.es)



### Como citar este informe:

Picos, J. (2023). A CADEA FORESTAL- MADEIRA DE GALICIA 2022-2023\*. Axencia Galega da Industria Forestal. Consellería do Medio Rural. Universidade de Vigo. 68 p.